transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbese interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DOS “SERVIZOS DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE SENSIBILIZACIÓN, ASESORAMENTO, CAPACITACIÓN, FORMACIÓN E APOIO TÉCNICO PARA A IMPLEMENTACIÓN DO MANUAL DO PRODUTO E CERTIFICACIÓN CORRESPONDENTE DOS ACTORES TURÍSTICOS DOS TERRITORIOS PARTICIPANTES NO PROXECTO PARA A CREACIÓN DA EXPERIENCIA “TURISMO DE ENCOROS DE ESPAÑA”, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA –*NEXT GENERATION EU*-, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 02 de maio de 2025, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:
“Acta da mesa de contratación do día 02 de maio de 2025.

Presidenta: Dna Loreto Rodriguez Costas, Xefa da Sección I de Fomento.
Secretaria da mesa: Dna. Carmen Dorado Duro, Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e Fomento.
Vogais:
D. Pablo Seoane Cancelo, Asesor Técnico do Servizo de Contratación e Fomento, en substitución do Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.
Dna. Ana María Pérez Ramos, Técnico de Administración Xeral, en substitución da Interventora da Deputación de Lugo
Dna. Sonia Méndez García, Xefa do Servizo de Contratación e Fomento.
D. Víctor Vale Varela, Técnico de Turismo.
Sendo as 11:36 horas do día 02 de maio de 2025, baixo a Presidencia de Dna Loreto Rodríguez Costas,constitúese a Mesa de contratación a través de medios electrónicos, co obxecto de tratar os asuntos seguidamente relacionados e que constan na convocatoria efectuada a tales efectos.

Pola Presidenta da Mesa procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

*Contratación dos servizos de asistencia técnica para a realización de accións de sensibilización, asesoramento, capacitación, formación e apoio técnico para a implementación do manual do produto e certificación correspondente dos actores turísticos dos territorios participantes no proxecto para a creación da experiencia*


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 16/181 |

*"Turismo de encoros de España" financiado pola Unión Europea –Next Generation EU-, no Marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*

Primeiro.-Dar conta da documentación do art.150 LCSP.
Segundo.-Proposta de adxudicación, se procede.

*Antecedentes*.

1. Memoria xustificativa do contrato, e motivación da urxencia da contratación con CSV: IV7SVUPCPJ54X66MWEAG75SBMU.
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7SW3J6ZEXDJNOKBUMSK5AXDY.
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7SVUPCPP4N2VET6MOROEIXKE.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7SW3PJLBZLQRN56MIXF7YDI4.
5. Informe do Servizo de Contratación, conformado pola Secretaría, con CSV: IV7SW3POHHV3JS53VVEE6JTAEA.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7SWYD5JN6J5OEJZQ7HGMHTCQ.
7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7SW6ZOCENK6WFKQE5SP7TWA4.
8. Acordo de Xunta de Goberno do día 07 de marzo de 2025, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7SWKDOD7UTT2BDRROSCM3T4Q.
9. O anuncio de licitación e pregos foron publicados na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 07 de marzo de 2025, posteriormente fíxose unha rectificación do anuncio o día 14.03.2025.
10. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

11. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 25 de marzo de 2025, con CSV: IV7SSXQYZXWS4SBIYF7XOJRXAM na que se recolle o seguinte:

"Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres que conteñen a declaración de cumprimento de requisitos previos dos licitadores concorrentes a esta

licitación que, segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público, son os seguintes:

| Nombre de la Empresa | Nº Identificación |
|---|---|
| Agora Global Consulting SL | B06665707 |
| VALORA CONSULTORES DE GESTION, S.L. | B15829443 |
| DESTINATION EXPERIENCES, S.L. | B70571567 |
| Integral de Servicios Turísticos Sostenibles S.L. | B10434645 |

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, e considerando que a empresa concorrente presentou dentro do prazo concedido a tales efectos as súa proposta, a Mesa de Contratación acorda admitir a oferta presentada pola licitadora, procedendo acto seguido á cualificación dos sobres electrónicos, co seguinte resultado:

O Anexo I presentado polas empresas axústanse aos requisitos recollidos no PCAP.

A Mesa de contratación acorda admitir a ás empresas a seguir no procedemento,continuando coa apertura pública do sobre electrónico que contén os criterios avaliables automáticamente, sendo o resultado da apertura o seguinte:

Agora Global Consulting SL.

| CRITERIO | PUNTUACIÓN (SOBRE 100 PUNTOS) |
|---|---|
| 1. Mellora da oferta económica. Máximo 49 puntos | a) Se compromete a realizar o obxecto do contrato por importe total de 39.102,00 euros, aos que se engadirán 8.211,42 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 47.313,42 euros.<br>O prezo total ofertado deberase desglosar nos seguintes conceptos.(A suma dos tres conceptos ten que resultar o importe total ofertado, axustado a un máximo de dous decimais)<br>(1)- Se compromete a realizar a contratación dunha campaña de sensibilización en cada destino participante, incluíndo unha xornada informativa e visitas técnicas aos territorios participantes por importe de 7.942,00 euros, aos que se engadirán 1.667,82 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 9.609,82 euros.<br>(importe máximo 10.450 euros IVE excluído.)<br>(2)- Se compromete a realizar a contratación dunha asistencia técnica especializada para a impartición dun curso en liña con dúas sesións presenciais en cada territorio por importe de 15.200,00 euros, aos que se engadirán 3.192,00 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 18.392,00 euros.<br>( importe máximo 20.000 euros IVE excluído.)<br>(3)- Se compromete a realizar a contratación de asistencia técnica para apoiar a implementación do manual da experiencia entre os destinos e empresas adheridos territorio por importe de 15.960,00 euros, aos que se engadirán 3.351,60 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 19.311,60 euros.<br>( importe máximo 21.000 euros IVE excluído.) |
| 2. Persoal a maiores asinado á execución do contrato (igual perfil ao consultor/a de apoyo e terá como mínimo de media unha dedicación ao proxecto do 30% da xornada mensual. 15 puntos | Se compromete a aportar a maiores do persoal mínimo esixido no apartado 6 do PPT , unha persoa con igual perfil ao consultor/a de apoio e ao menos con unha dedicación media mensual do 30% durante a execución do contrato. (Marcar cunha "X" a resposta que proceda e cumplimentar os datos necesarios no seu caso).<br>☐ NON<br>☒ SI,.No seu caso indicar (Ver apartado "O" do cadro resume do PCAP) :15 puntos |
| 3. Presentación telemática do proxecto ata un máximo de 20 empresas/entidades. 6 puntos | Se compromete a realizar a presentación telemática do proxecto ata un máximo de 20 empresas/entidades. (Marcar cunha "X" a resposta que proceda).<br>-☒ SI<br>-☐ NON |
| 4. Asistencia técnica para a implementación do manual a un número maior de empresas que as sinaladas no PPT (máximo 100). | Se compromete a prestar asistencia técnica para a implementación do manual a un número maior de empresas que as sinaladas no PPT (Máximo de 100) .(Marcar cunha "X" a resposta que proceda).<br>-☐ Hasta 20 empresas adicionales. 10 puntos<br>-☒ Hasta 30 empresas adicionales. 30 puntos<br>-☐ NON oferta mellora neste criterio. |
| TOTAL | 100 PUNTOS |

## Valora consultores de gestion, S.L.

| CRITERIO | PUNTUACIÓN (SOBRE 100 PUNTOS) |
|---|---|
| 1. Mellora da oferta económica. Máximo 49 puntos | a) Comprométese a realizar o obxecto do contrato por importe total de 50.451’87€, aos que se engadirán 10.594’89€ en concepto de IVE, o que ascende a un total de 61.046’76€<br>O prezo total ofertado deberase desglosar nos seguintes conceptos. (A suma dos tres conceptos ten que resultar o importe total ofertado, axustando a un máximo de dous decimais).<br>(1)- Comprométese a realizar a contratación dunha campaña de sensibilización en cada destino participante, incluíndo unha xornada informativa e visitas técnicas aos territorios participantes por importe de 10.247’27 euros, aos que se engadirán 2.151’93 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 12.399’20 euros.<br>(importe máximo 10.450 euros IVE excluído).<br>(2)- Comprométese a realizar a contratación dunha asistencia técnica especializada para a impartición dun curso en liña con dúas sesións presenciais en cada territorio por importe de 19.612 euros, aos que se engadiran 4.118’52 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 23.730’52 euros.<br>(importe máximo 20.000 euros IVE excluído).<br>(3)- Comprométese a realizar a contratación de asistencia técnica para apoiar a implementación do manual da experiencia entre os destinos e empresas adheridos territorio por importe de 20.592’60 euros, aos que se engadirán 4.324’45 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 24.917’05 euros.<br>(importe máximo 21.000 euros IVE excluído). |
| 2. Persoal a maiores asinado á execución do contrato (igual perfil ao consultor/a de apoyo e terá como mínimo de media unha dedicación ao proxecto do 30% da xornada mensual. 15 puntos | Se compromete a aportar a maiores do persoal mínimo esixido no apartado 6 do PPT , unha persoa con igual perfil ao consultor/a de apoio e ao menos con unha dedicación media mensual do 30% durante a execución do contrato. (Marcar cunha “X” a resposta que proceda e cumplimentar os datos necesarios no seu caso).<br>-☐ NON<br>-☒ SI,.No seu caso indicar (Ver apartado “O” do cadro resume do PCAP) :15 puntos |
| 3. Presentación telemática do proxecto ata un máximo de 20 empresas/entidades. 6 puntos | Se compromete a realizar a presentación telemática do proxecto ata un máximo de 20 empresas/entidades. (Marcar cunha “X” a resposta que proceda).<br>-☒ SI<br>-☐ NON |
| 4. Asistencia técnica para a implementación do manual a un número maior de empresas que as sinaladas no PPT (máximo 100). | Se compromete a prestar asistencia técnica para a implementación do manual a un número maior de empresas que as sinaladas no PPT (Máximo de 100) .(Marcar cunha “X” a resposta que proceda).<br>-☐ Hasta 20 empresas adicionales. 10 puntos<br>-☒ Hasta 30 empresas adicionales. 30 puntos<br>-☐ NON oferta mellora neste criterio. |
| TOTAL | 100 PUNTOS |

## Destination Experiences, S.L.

| CRITERIO | PUNTUACIÓN (SOBRE 100 PUNTOS) |
|---|---|
| 1. Mellora da oferta económica. Máximo 49 puntos | a) Se compromete a realizar o obxecto do contrato por importe total de 46.300,50 euros, aos que se engadirán 9.723,11 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 56.023,61 euros.<br>O prezo total ofertado deberase desglosar nos seguintes conceptos.(A suma dos tres conceptos ten que resultar o importe total ofertado, axustado a un máximo de dous decimais)<br>(1)- Se compromete a realizar a contratación dunha campaña de sensibilización en cada destino participante, incluíndo unha xornada informativa e visitas técnicas aos territorios participantes por importe de 9.405,50 euros, aos que se engadirán 1.975,16 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 11.380,66 euros.<br>(importe máximo 10.450 euros IVE excluído.)<br>(2)- Se compromete a realizar a contratación dunha asistencia técnica especializada para a impartición dun curso en liña con dúas sesións presenciais en cada territorio por importe de 17.998,50 euros, aos que se engadirán 3.779,69 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 21.778,19 euros.<br>(importe máximo 20.000 euros IVE excluído.)<br>(3)- Se compromete a realizar a contratación de asistencia técnica para apoiar a implementación do manual da experiencia entre os destinos e empresas adheridos territorio por importe de 18.896,50 euros, aos que se engadirán 3.968,27 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 22.864,77 euros.<br>( importe máximo 21.000 euros IVE excluído.) |

| CRITERIO | PUNTUACIÓN (SOBRE 100 PUNTOS) |
|---|---|
| 2. Persoal a maiores asinado á execución do contrato (igual perfil ao consultor/a de apoio e terá como mínimo de media unha dedicación ao proxecto do 30% da xornada mensual. 15 puntos | Se compromete a aportar a maiores do persoal mínimo esixido no apartado 6 do PPT , unha persoa con igual perfil ao consultor/a de apoio e ao menos con unha dedicación media mensual do 30% durante a execución do contrato. (Marcar cunha "X" a resposta que proceda e cumplimentar os datos necesarios no seu caso).<br>-☐ NON<br>-☒ SI,.No seu caso indicar (Ver apartado "O" do cadro resume do PCAP) :15 puntos |
| 3. Presentación telemática do proxecto ata un máximo de 20 empresas/entidades. 6 puntos | Se compromete a realizar a presentación telemática do proxecto ata un máximo de 20 empresas/entidades. (Marcar cunha "X" a resposta que proceda).<br>-☒ SI<br>-☐ NON |
| 4. Asistencia técnica para a implementación do manual a un número maior de empresas que as sinaladas no PPT (máximo 100). | Se compromete a prestar asistencia técnica para a implementación do manual a un número maior de empresas que as sinaladas no PPT (Máximo de 100) .(Marcar cunha "X" a resposta que proceda).<br>-☐ Hasta 20 empresas adicionales. 10 puntos<br>-☒ Hasta 30 empresas adicionales. 30 puntos<br>-☐ NON oferta mellora neste criterio. |
| TOTAL | 100 PUNTOS |

Integral de servicios turísticos sostenibles S.L.

| CRITERIO | PUNTUACIÓN (SOBRE 100 PUNTOS) |
|---|---|
| 1. Mellora da oferta económica. Máximo 49 puntos | a) Se compromete a realizar o obxecto do contrato por importe total de 46.300 euros, aos que se engadirán 9.723 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 56.023 euros.<br>O prezo total ofertado deberase desglosar nos seguintes conceptos.(A suma dos tres conceptos ten que resultar o importe total ofertado, axustado a un máximo de dous decimais).<br>(1)- Se compromete a realizar a contratación dunha campaña de sensibilización en cada destino participante, incluíndo unha xornada informativa e visitas técnicas aos territorios participantes por importe de 10.450 euros, aos que se engadirán 2.194,50 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 12.644,50 euros.<br>(importe máximo 10.450 euros IVE excluído.)<br>(2)-impartición dun curso en liña con dúas sesións presenciais en cada territorio por importe de 16.000 euros, aos que se engadirán 3.360 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 19.360 euros.<br>(importe máximo 20.000 euros IVE excluído.)<br>(3)- Se compromete a realizar a contratación de asistencia técnica para apoiar a implementación do manual da experiencia entre os destinos e empresas adheridos territorio por importe de 19.850 euros, aos que se engadirán 4.168,50 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 24.018,50 euros.<br>( importe máximo 21.000 euros IVE excluído.) |
| 2. Persoal a maiores asinado á execución do contrato (igual perfil ao consultor/a de apoyo e terá como mínimo de media unha dedicación ao proxecto do 30% da xornada mensual. 15 puntos | Se compromete a aportar a maiores do persoal mínimo esixido no apartado 6 do PPT , unha persoa con igual perfil ao consultor/a de apoio e ao menos con unha dedicación media mensual do 30% durante a execución do contrato. (Marcar cunha "X" a resposta que proceda e cumplimentar os datos necesarios no seu caso).<br>-☐ NON<br>-☒ SI,.No seu caso indicar (Ver apartado "O" do cadro resume do PCAP) :15 puntos |
| 3. Presentación telemática do proxecto ata un máximo de 20 empresas/entidades. 6 puntos | Se compromete a realizar a presentación telemática do proxecto ata un máximo de 20 empresas/entidades. (Marcar cunha "X" a resposta que proceda).<br>-☒ SI<br>-☐ NON |
| 4. Asistencia técnica para a implementación do manual a un número maior de empresas que as sinaladas no PPT (máximo 100). | Se compromete a prestar asistencia técnica para a implementación do manual a un número maior de empresas que as sinaladas no PPT (Máximo de 100) .(Marcar cunha "X" a resposta que proceda).<br>-☐ Hasta 20 empresas adicionales. 10 puntos<br>-☒ Hasta 30 empresas adicionales. 30 puntos<br>-☐ NON oferta mellora neste criterio. |
| TOTAL | 100 PUNTOS |

A maiores incorpóranse ao expediente as declaracións asinadas de ausencia de conflito de interese das persoas que forman parte da Mesa de Contratación.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, dar traslado das ofertas ao Servizo de Turismo aos efectos de que informen en relación ao criterio "Persoal a maiores asinado á execución do contrato (igual perfil ao consultor/a de apoyo e terá como mínimo de media unha dedicación ao proxecto do 30% da xornada mensual", e dar conta na vindeira Mesa de Contratación do informe Minerva e das valoracións do ofertado polas licitadoras.".

12.- Acta da Mesa de Contratación, reunida en con data 31 de marzo de 2025, con CSV: IV7SSCTCZR4S3PWYW4PUIVIGAU, na que se recolle o seguinte:

"Pola Presidencia dáse conta dos resultados do Análise de Riscos de Conflictos de Interés realizado por MINERVA para a petición con identificador ACITRJ25032691670668. Resultando o seguinte:

"44 casos de no detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas verdes)
0 casos de detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas rojas)
Además, hay 0 potenciales beneficiarios para los que no consta información de titularidades o
constan como fallecidos (banderas negras).
Todas las parejas decisor-potencial beneficiario están en situación de bandera verde.
A maiores incorpóranse ao expediente as declaracións asinadas de ausencia de conflito de interese das persoas que forman parte da Mesa de Contratación."

Acto seguido dáse conta do informe emitido polo servizo de Turismo en relación ao criterio "Persoal a maiores asinado á execución do contrato (igual perfil ao consultor/a de apoio e terá como mínimo de media unha dedicación ao proxecto do 30% da xornada mensual" que conclúe o que se indica a contunuación:
"Informa.
1.- Que os perfiles aportados, así como a experiencia e as futuras accións que se encomendarían aos mesmos, son acordes ás necesidades dos servizos de asistencia técnica para a realización de accións de sensibilización, asesoramento, capacitación, formación e apoio técnico para a implementación do manual do produto e certificación correspondente dos actores turísticos dos territorios participantes no proxecto para a creación da experiencia Turismo de Encoros de España, financiado pola Union Europea.
2.- En todo caso, e tal como se indica no Prego de prescricións administrativas desta contratación, a formación e experiencia de todo o persoal (tanto o mínimo como o

adicional proposto na oferta, no seu caso) acreditarase antes da firma da acta de inicio do contrato mediante a presentación da copia dos títulos académicos universitarios, informes de vida laboral actualizados e currículos vitae nos que se detallarán os principais proxectos turísticos de igual ou similar natureza nos que participasen durante a súa vida profesional, indicando as datas correspondentes."

Por último se indica que unha das ofertas presentadas, en concreto "Agora Global Consulting, S.L.", está incursa en presunción de oferta anormalmente baixa, estando o límite da baixa en todo importe inferior a 39.510,75euros + IVE, segundo os cálculos que se indican a continuación:

| | 51.450,00 | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| OFERTAS PRESENTADAS | Importe Oferta | Importe de la Baja | Porcentaje de Baja sobre precio base licitación | Primer Filtro | ¿Baja Temeraria? |
| DESTINATION EXPERIENCES, S.L. | 46.300,50 | 5.149,50 | 10,0087% | Se incluye | No es Baja Temeraria |
| Valora Consultores de Gestión, S.L. | 50.451,87 | 998,13 | 1,9400% | No se incluye | No es Baja Temeraria |
| Integral de Servicios Turísticos Sostenibles S.L. | 46.300,00 | 5.150,00 | 10,0097% | Se incluye | No es Baja Temeraria |
| Ágora Global Consulting S.L. | 39.102,00 | 12.348,00 | 24,0000% | Se incluye | Es Baja Temeraria |
| Medias calculadas | 45.538,59 | 5.911,41 | 14,67% | 43.900,83 | Media Ofertas incluidas |
| Porcentaje de Baja a partir del cual se considera BAJA TEMERARIA e importe de la oferta, en valores absolutos, a partir del cual tiene esa consIderación (Media Aritmética Ofertas incluídas menos 10 unidades porcentuales) | | | 23,21% | 39.510,75 | |

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

1º.- -Conceder o trámite de audiencia á empresa Agora Global Consulting, S.L., ,para que no prazo de 5 días hábiles e de conformidade co establecido no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) e cláusula 13 do PCAP, xustifique e desglose razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro, para valoración da súa oferta, e precise as súas condicións, nos aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP, que ao respecto sinala: "... en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción; as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; a innovación e orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; o respecto de obrigas que resulten aplicables, en materia medioambiental, social ou laboral e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP; ou a posible obtención dunha axuda do Estado", ademais do establecido na cláusula decimo terceira do PCAP que rexe a contratación deste servizo.
Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento."

13.- Acta da Mesa de Contratación, reunida en con data 11 de abril de 2025, con CSV: IV7S47RKHYU4IS4OYXXQGYIHIQ, na que se recolle o seguinte:

DEPUTACIÓN DE LUGO

“Pola Presidencia dáse conta do informe emitido polo servizo de Turismo con CSV: IV7S4WHKYFUTTKGKXTYVEBLB4Y sendo a conclusión do mesmo que está correctamente acreditada a solvencia e viabilidade da oferta presentada polo licitador segundo consta no_informe, polo que a oferta presentada por Ágora Global Consulting S.L.non se atopa no suposto establecido no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. Os membros presentes na Mesa de Contratación acordaron por unanimidade aceptar o informe emitido polo servizo de Comunicación e Tics, e se acorda atribuír á proposta presentada as seguintes puntuacións:

Valoraciones de criterios evaluables automáticamente.

Agora global consulting SL.

| CRITERIO | OFERTADO | PUNTUACIÓN (SOBRE 100 PUNTOS) |
|---|---|---|
| 1. Mellora da oferta económica. Máximo 49 puntos | a) Se compromete a realizar o obxecto do contrato por importe total de 39.102,00 euros, aos que se engadirán 8.211,42 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 47.313,42 euros. | 49 PUNTOS |
| 2. Persoal a maiores asinado á execución do contrato (igual perfil ao consultor/a de apoyo e terá como mínimo de media unha dedicación ao proxecto do 30% da xornada mensual. 15 puntos | -☒ SI,:15 puntos | 15 PUNTOS |
| 3. Presentación telemática do proxecto ata un máximo de 20 empresas/entidades.<br>6 puntos | -☒ SI | 6 PUNTOS |
| 4. Asistencia técnica para a implementación do manual a un número maior de empresas que as sinaladas no PPT (máximo 100). | -☒ Hasta 30 empresas adicionales. 30 puntos | 30 PUNTOS |
| | | TOTAL 100 PUNTOS |

Valora consultores de gestion, S.L.

| CRITERIO | OFERTADO | PUNTUACIÓN (SOBRE 100 PUNTOS) |
|---|---|---|
| 1. Mellora da oferta económica. Máximo 49 puntos | a) Comprométese a realizar o obxecto do contrato por importe total de 50.451’87€, aos que se engadirán 10.594’89€ en concepto de IVE, o que ascende a un total de 61.046’76€ | 37,98 PUNTOS |
| 2. Persoal a maiores asinado á execución do contrato (igual perfil ao consultor/a de apoyo e terá como mínimo de media unha dedicación ao proxecto do 30% da xornada mensual. 15 puntos | -☒ SI,:15 puntos | 15 PUNTOS |
| 3. Presentación telemática do proxecto ata un máximo de 20 empresas/entidades.<br>6 puntos | -☒ SI | 6 PUNTOS |
| 4. Asistencia técnica para a implementación do manual a un número maior de empresas que as sinaladas no PPT (máximo 100). | -☒ Hasta 30 empresas adicionales. 30 puntos | 30 PUNTOS |
| | | TOTAL 88,98 PUNTOS |

Destination experiences, S.L.

| CRITERIO | OFERTADO | PUNTUACIÓN (SOBRE 100 PUNTOS) |
|---|---|---|
| 1. Mellora da oferta económica. Máximo 49 puntos | a) Se compromete a realizar o obxecto do contrato por importe total de 46.300,50 euros, aos que se engadirán 9.723,11 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 56.023,61 euros. | 41,38 PUNTOS |
| 2. Persoal a maiores asinado á execución do contrato (igual perfil ao consultor/a de apoyo e terá como mínimo de media unha dedicación ao proxecto do 30% da xornada mensual. 15 puntos | -☒ SI,:15 puntos | 15 PUNTOS |
| 3. Presentación telemática do proxecto ata un máximo de 20 empresas/entidades.<br>6 puntos | -☒ SI | 6 PUNTOS |
| 4. Asistencia técnica para a implementación do manual a un número maior de empresas que as sinaladas no PPT (máximo 100). | -☒ Hasta 30 empresas adicionales. 30 puntos | 30 PUNTOS |
| | | TOTAL 92,38 PUNTOS |

Integral de servicios turísticos sostenibles S.L.

| CRITERIO | OFERTADO | PUNTUACIÓN (SOBRE 100 PUNTOS) |
|---|---|---|
| 1. Mellora da oferta económica. Máximo 49 puntos | a) Se compromete a realizar o obxecto do contrato por importe total de 46.300 euros, aos que se engadirán 9.723 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 56.023 euros. | 41,38 PUNTOS |
| 2. Persoal a maiores asinado á execución do contrato (igual perfil ao consultor/a de apoyo e terá como mínimo de media unha dedicación ao proxecto do 30% da xornada mensual. 15 puntos | -☒ SI,:15 puntos | 15 PUNTOS |
| 3. Presentación telemática do proxecto ata un máximo de 20 empresas/entidades.<br>6 puntos | -☒ SI | 6 PUNTOS |
| 4. Asistencia técnica para a implementación do manual a un número maior de empresas que as sinaladas no PPT (máximo 100). | -☒ Hasta 30 empresas adicionales. 30 puntos | 30 PUNTOS |
| | | TOTAL 92,38 PUNTOS |

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

1º.- Clasificar as ofertas presentadas, atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

| Nº DE ORDE | LICITADOR | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|
| 1 | AGORA GLOBAL CONSULTING SL | 100 |
| 2* | DESTINATION EXPERIENCES, S.L. | 92,38 |
| 2* | INTEGRAL DE SERVICIOS TURÍSTICOS SOSTENIBLES S.L. | 92,38 |
| 3 | VALORA CONSULTORES DE GESTION, S.L. | 88,98 |

* As ofertas presentadas polas licitadoras Destination Experiences, S.L. e Integral de Servicios Turísticos Sostenibles S.L. alcanzan a mesma puntuación de 92,38 puntos. En caso de que non resulte posible a adxudicación á empresa mellor clasificada Agora Global Consulting SL e aplicando o criterio de desempate previsto nos pregos, non se resolva o mesmo, procederase de acordo co establecido no art. 150.2 LCSP para tal caso cal seguirase o procedemento de desempate previsto no artigo 147.2 da LCSP.

2º.- Requirir á empresa Agora Global Consulting SL para que, dentro do prazo de oito días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

| IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (importe ofertado sen IVE) | IMPORTE DA GARANTÍA 10 % |
|---|---|
| 39.102,00 € | 3.910,20€ |

A maiores da documentación recollida na cláusula 17 do PCAP, o licitador debe incorporar a seguinte documentación (Ver apartado "P" do cadro resume do PCAP) :

(1)- Declaración de compromiso en relación coa execución de actuacións do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) e de ausencia de conflito de intereses (Ver modelo Anexo III).

(2)- Declaración de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) (Ver modelo Anexo IV).
Estas declaracións están contidas no Plan de medidas antifraude da Deputación de Lugo e poden consultarse na seguinte ligazón:https://www.deputacionlugo.gal/sites/deputacionlugo.org/files/inline-files/3MYF_castelán.pdf

(3)- Acreditacion da inscricion no censo de empresarios, profesionais e retenedores da Axencia Estatal da Administracion Tributaria ou no censo equivalente da administraciontributaria foral, que debe reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data departicipacion no procedemento de licitacion (ARTIGO 8.1 F) da da orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro).
Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das

Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento. .”

14.- Resolución da Presidencia do día 22 de abril 2025, con CSV: IV7S66RMHNFKYX67XRPX4DTSIE , pola que se insta ó requirimento da documentación administrativa recollida na cláusula 17 do PCAP .

15.- Reunida a Mesa de contratación o día de hoxe, 02 de maio de 2025,pola Presidencia se informa aos membros da Mesa de Contratación aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP en relación coa cláusula décimo sétima do PCAP, infórmase que a empresa AGORA GLOBAL CONSULTING SL. presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.
Incorpórase informe emitido polo servizo de Turismo con CSV: IV7SYSHJD4B5734OYNW5CRIOKA, no que conclúe que: “Sen prexuizo doutro criterio mellor fundado que a documentación achegada pola empresa Ágora Global Consulting S.L. acredita a solvencia técnica e o cumprimento da acreditación dos medios persoais ofertados en canto a titulación e experiencia”.

A Presidenta informa aos membros da mesa, que de forma previa á celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta e .Consta no expediente o informe de resultados do Análise de Riscos de Conflictos de Interés realizado por MINERVA concluíndo o seguinte:
“Se ha realizado el análisis de riesgos de las 11 posibles parejas decisor-potencial beneficiario,
siendo el resultado el siguiente:
11 casos de no detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas verdes)
0 casos de detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas rojas)
Además, hay 0 potenciales beneficiarios para los que no consta información de titularidades o constan como fallecidos (banderas negras).
Todas las parejas decisor-potencial beneficiario están en situación de bandera verde.”

A maiores incorpóranse ao expediente as declaracións asinadas de ausencia de conflito de interese das persoas que forman parte da Mesa de Contratación.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, polo órgano de contratación, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a Agora Global Consulting SL. por un importe total de 39.102,00 euros, aos que se engadirán 8.211,42 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 47.313,42 euros, e coas melloras ofertadas que se indicant a continuación, a contratación dos “servizos de asistencia técnica para a realización de accións de

sensibilización, asesoramento, capacitación, formación e apoio técnico para a implementación do manual do produto e certificación correspondente dos actores turísticos dos territorios participantes no proxecto para a creación da experiencia "Turismo de encoros de España", financiado pola Unión Europea– *Next Generation EU*-, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Expediente nº.2025/CON_02/0000023."

| CRITERIO | OFERTADO |
|---|---|
| 1. Mellora da oferta económica. | a) Se compromete a realizar o obxecto do contrato por importe total de 39.102,00 euros, aos que se engadirán 8.211,42 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 47.313,42 euros.<br>O prezo total ofertado se desglosa nos seguintes conceptos<br>(1)- Se compromete a realizar a contratación dunha campaña de sensibilización en cada destino participante, incluíndo unha xornada informativa e visitas técnicas aos territorios participantes por importe de 7.942,00 euros, aos que se engadirán 1.667,82 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 9.609,82 euros.<br>(2)- Se compromete a realizar a contratación dunha asistencia técnica especializada para a impartición dun curso en liña con dúas sesións presenciais en cada territorio por importe de 15.200,00 euros, aos que se engadirán 3.192,00 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 18.392,00 euros.<br>(3)- Se compromete a realizar a contratación de asistencia técnica para apoiar a implementación do manual da experiencia entre os destinos e empresas adheridos territorio por importe de 15.960,00 euros, aos que se engadirán 3.351,60 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 19.311,60 euros. |
| 2. Persoal a maiores asinado á execución do contrato (igual perfil ao consultor/a de apoyo e terá como mínimo de media unha dedicación ao proxecto do 30% da xornada mensual. | -☒ SI |
| 3. Presentación telemática do proxecto ata un máximo de 20 empresas/entidades. | -☒ SI |
| 4. Asistencia técnica para a implementación do manual a un número maior de empresas que as sinaladas no PPT . | -☒ Hasta 30 empresas adicionais. |

2º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

A Presidenta levanta a sesión ás 11:39horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da mesa, Certifico."

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar a Agora Global Consulting SL. por un importe total de 39.102,00 euros, aos que se engadirán 8.211,42 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 47.313,42 euros, e coas melloras ofertadas que se indicant a continuación, a contratación dos "Servizos de asistencia técnica para a realización de accións de sensibilización, asesoramento, capacitación, formación e apoio técnico para a

implementación do manual do produto e certificación correspondente dos actores turísticos dos territorios participantes no proxecto para a creación da experiencia "Turismo de encoros de España", financiado pola Unión Europea– *Next Generation EU*-, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Expediente nº.2025/CON_02/0000023."

| CRITERIO | OFERTADO |
|---|---|
| 1. Mellora da oferta económica. | a) Se compromete a realizar o obxecto do contrato por importe total de 39.102,00 euros, aos que se engadirán 8.211,42 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 47.313,42 euros.<br>O prezo total ofertado se desglosa nos seguintes conceptos<br>(1)- Se compromete a realizar a contratación dunha campaña de sensibilización en cada destino participante, incluíndo unha xornada informativa e visitas técnicas aos territorios participantes por importe de 7.942,00 euros, aos que se engadirán 1.667,82 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 9.609,82 euros.<br>(2)- Se compromete a realizar a contratación dunha asistencia técnica especializada para a impartición dun curso en liña con dúas sesións presenciais en cada territorio por importe de 15.200,00 euros, aos que se engadirán 3.192,00 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 18.392,00 euros.<br>(3)- Se compromete a realizar a contratación de asistencia técnica para apoiar a implementación do manual da experiencia entre os destinos e empresas adheridos territorio por importe de 15.960,00 euros, aos que se engadirán 3.351,60 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 19.311,60 euros. |
| 2. Persoal a maiores asinado á execución do contrato (igual perfil ao consultor/a de apoyo e terá como mínimo de media unha dedicación ao proxecto do 30% da xornada mensual. | -☒ SI |
| 3. Presentación telemática do proxecto ata un máximo de 20 empresas/entidades. | -☒ SI |
| 4. Asistencia técnica para a implementación do manual a un número maior de empresas que as sinaladas no PPT . | -☒ Hasta 30 empresas adicionales. |

**2º.-** O contrato iniciarase na data da subscrición da acta de inicio do contrato ou data que figure na mesma, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato e finalizará o 31 de agosto de 2025.

**3º.-** Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

**4º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

**5º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo aos interesados."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.**

*1º.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: CASTRO DE REI– A PASTORIZA.- Rehabilitación de firme LU-P-1106 "Castro de Rei (LU-P-1611)– Reigosa– Campo do Oso (LU-125)" P.K. 0+000 a 7+682, P.K. 9+500 a 10+000 e P.K. 10+500 a 11+740.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: CASTRO DE REI– A PASTORIZA.- Rehabilitación de firme LU-P-1106 "Castro de Rei (LU-P-1611)– Reigosa– Campo do Oso (LU-125)" P.K. 0+000 a 7+682, P.K. 9+500 a 10+000 e P.K. 10+500 a 11+740, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, con CSV: IV7SSXJZB3Z5JGZ2WQ7SMQLPF4.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7SSXTTFHVY55MP2UVAGAX6O4.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7SRUJOPYZKLNGLDVYMGQSVOQ.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7SSXJZEE53XVM7ZVF56VBBKA.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7SSCPJPNXS5XRSDRA4ITTWN4.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7S7WSCP564LLRKCA4D6ABS6Q.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7S7WS2GAXYZOVZ4HXN4XYDAI.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: CASTRO DE REI– A PASTORIZA.- Rehabilitación de firme LU-P-1106 "Castro de Rei (LU-P-1611) – Reigosa– Campo do Oso (LU-125)" P.K. 0+000 a 7+682, P.K. 9+500 a 10+000 e P.K. 10+500 a 11+740, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días,

tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º.-** Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

**3º.-** Aprobar o gasto, por importe de 507.968,30 €, dos cales 88.159,79 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

*2º.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: RIOTORTO.- Mellora seguridade vial LU-P-5501 “As Rodrigas (LU-124)– Marco de Álvare (N-640)” P.K. 4+965 e 5+765.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: RIOTORTO.- Mellora seguridade vial LU-P-5501 “As Rodrigas (LU-124)– Marco de Álvare (N-640)” P.K. 4+965 e 5+765, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, con CSV: IV7S6CA2GAB4RHPSVQGGM4AV4E.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7S42D7MHULXXJ32ZENEJRV4M.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7S42D737W6JD5ZSIEQKRXWCU.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7SSICYDN4I53ML3XQM6RTV5Y.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7S6CHZ2F52XOVMQBHV4ATVI4.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7S7WSN3AX64SX5UJ7AL4JB74.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7S7WS3DD4M7RN3WP756LTPNY.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: RIOTORTO.- Mellora seguridade vial LU-P-5501 “As Rodrigas (LU-124)– Marco de Álvare (N-640)” P.K. 4+965 e 5+765, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 30/181 |

os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º.-** Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos

artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

**3º.**-Aprobar o gasto, por importe de 63.215,24 €, dos cales 10.971,24€ corresponden ao IVE (21%)."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.**

*1º.- Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: FRIOL.-Rehabilitación de firme LU-P-2105 "O Empalme de Prado (LU-934)– San Paio de Narla", P.K. 0+000 a 1+721 e LU-P-2115 "Vento (LU-232)– Santa Marta", P.K. 0+000 a 1+802.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 28/04/2025, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

"(...)

*Antecedentes*.

1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7VZW73PYHYITRJ23QCE4JG6U[1].

[1] Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras indicadas, con CSV: IV7VYC33YD7YTG5IAJOFMNYRA4.
3. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7VYDDDBRWJX2JM4VY4AYDUGQ.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7V27P4JIM3RDJK5UUGBRP6A.
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7V27TK3ZHKVXJO5QGMMATFMQ.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7V2DAODV7YZJMMXVHD6JXXEU.
7. Acordo da Xunta de Goberno, de data 24/01/2025, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7V3XQLPL6M5RECUMGUMYT7MY.
8. Publicación, o día 24/01/2025, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).
9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.
10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 21/02/2025, para apertura da documentación administrativa e oferta técnica con CSV: IV7SUXCLFVPD5X7SYL6NJZ266E.

11. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7SXXPDFP5TLJEK45QWEJJ6O4, reunida en acto público con data 14/03/2025, dando conta do informe do Servizo de Vías e Obras, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-, do que resulta a seguinte puntuación:

| | |
|---|---|
| CHOLO SL | 18,00 |
| CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL | 17,25 |
| CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SLU | 17,25 |
| FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL | 14,58 |
| GRUPO BASCUAS 2008 SL | 14,75 |
| HORDESCÓN SL | 13,83 |
(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)
Resolución ou acordo de adxudicación
Escritura de compra venta
Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificarase coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condiciones xerais e particulares que, en relación con elos, fosen previamente establecidas.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:
1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
4. Destino do ben (5 anos en obras e 2 anos en subministros e servizos)
(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)
Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.
Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Segunda.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta addenda de modificación, permanecerán invariables.
Ambas partes acordan incorporar ao convenio, subscrito con data 22 de novembro de 2024, esta addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente addenda do que como secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

*4º.- Proposta relativa á segunda modificación, se procede, do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Negueira de Muñiz para cooperar na “Mellora de vial municipal Carballín a Bustelo” ano 2024.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“En relación ao asunto de referencia (Exp 2024/PES_03/019020) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe.

*Antecedentes de feito.*

Primeiro.- A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 3 de maio de 2024, acordou aprobar a seguinte proposta:


| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 102/181 |

"Primeiro.-Aprobar o texto do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Negueira de Muñiz para cooperar na "Mellora de vial municipal Carballín a Bustelo" ano 2024 por importe total de 147.591,88 € (...).
Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 140.212,29 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420 76200 do vixente orzamento xeral."

Segundo.- O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Negueira de Muñiz para cooperar na "Mellora de vial municipal Carballín a Bustelo" ano 2024 formalizouse o 9 de maio de 2024.

Terceiro.- Dende o Concello de Negueira de Muñiz remitiuse, o 7 de outubro de 2024 (2024RPE017380 ), escrito no que literalmente se establece o seguinte:
"En relación al convenio interadministrativo que, para la ejecución de la obra denominada "Mejora del vial municipal Carballín a Bustelo", suscribimos la Excma. Diputación Provincial de Lugo y el Ayuntamiento de Negueira de Muñiz el pasado mes de mayo de 2024, quisiera solicitarle que, por la elevada experiencia que el personal del ente provincial que usted dirige tiene en este tipo de actuaciones, fuese la Excma. Diputación provincial, precisamente, quien se encargara de la realización de las siguientes tareas:
Redacción del proyecto técnico necesario, el cual habrá de tomar como base la memoria valorada que elaboró, a la sazón, el técnico municipal de Negueira.
Realización del procedimiento de Licitación, con sus documentos administrativos correspondientes, según lo establecido en la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de contratos del Sector público.
Entiendo que lo solicitado redundaría en una más eficaz gestión del convenio que ambas administraciones suscribimos, de forma que aguardo, estimado presidente, que acceda a lo solicitado.".
Polo que a Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 20 de decembro de 2024, acordou aprobar a modificación do convenio a través dunha addenda para incorporar o solicitado dende o concello (addenda que foi formalizada o 26 de decembro de 2024).

Cuarto.- Dende o Servizo de Vías e Obras remitiuse memoria valorada da execución da "Mellora de vial municipal Carballín a Bustelo" onde consta que o custo da actuación obxecto do convenio pasa de 147.591,88 € a 171.298,93 €.

*Consideracións xurídico- administrativas.*

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:
Na cláusula Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.
"A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2024.
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2026 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2025, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público."
Na cláusula Oitava.- Modificación.
"A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo."

Segunda.- En canto ao órgano competente para aprobar a segunda modificación do convenio é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou a súa concesión e a súa modificación.

*Conclusións.*

Por todo o exposto, e tendo en conta que:
O convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo
Media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común).
Que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros,
E que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial,
dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento infórmase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a segunda modificación do convenio nos termos da segunda addenda do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia."

E tendo en conta que consta informe favorable de Intervención, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar a segunda modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Negueira de Muñiz para cooperar na "Mellora de vial municipal Carballín a Bustelo" ano 2024 formalizado o 9 de maio de 2024 e modificado o 26 de decembro de 2024, nos termos da segunda addenda que quedará redactada nos seguinte senso.

*Segunda addenda ao Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Negueira de Muñiz para cooperar na "Mellora de vial municipal Carballín a Bustelo" ano 2024.*

*Reunidos*.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra don José Manuel Braña Pereda, Alcalde do Concello de Negueira de Muñiz, con N.I.F P2703500E e sede social na praza Maior s/n CP 27113, Negueira de Muñiz, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente segunda segunda addenda e a tal efecto,

*Manifestan*.

Primeiro.- A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 3 de maio de 2024, acordou aprobar a seguinte proposta:

"Primeiro.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Negueira de Muñiz para cooperar Na "Mellora de vial municipal Carballín a Bustelo" ano 2024 por importe total de 147.591,88 € (...).
Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 140.212,29 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420 76200 do vixente orzamento xeral."

Segundo.- O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Negueira de Muñiz para cooperar na "Mellora de vial municipal Carballín a Bustelo" ano 2024 formalizouse o 9 de maio de 2024.

Terceiro.- Dende o concello de Negueira de Muñiz remitiuse, o 7 de outubro de 2024 (2024RPE017380 ), escrito no que literalmente se establece o seguinte:
"En relación al convenio interadministrativo que, para la ejecución de la obra denominada "Mejora del vial municipal Carballín a Bustelo", suscribimos la Excma. Diputación Provincial de Lugo y el Ayuntamiento de Negueira de Muñiz el pasado mes de mayo de 2024, quisiera solicitarle que, por la elevada experiencia que el personal del ente provincial que usted dirige tiene en este tipo de actuaciones, fuese la Excma. Diputación provincial, precisamente, quien se encargara de la realización de las siguientes tareas:
Redacción del proyecto técnico necesario, el cual habrá de tomar como base la memoria valorada que elaboró, a la sazón, el técnico municipal de Negueira.
Realización del procedimiento de Licitación, con sus documentos administrativos correspondientes, según lo establecido en la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de contratos del Sector público.
Entiendo que lo solicitado redundaría en una más eficaz gestión del convenio que ambas administraciones suscribimos, de forma que aguardo, estimado presidente, que acceda a lo solicitado.".
Polo que a Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 20 de decembro de 2024, acordou aprobar a proposta de modificación do convenio a través dunha addenda para incorporar o solicitado polo concello (addenda que foi formalizada o 26 de decembro de 2024).

Cuarto.- Dende o Servizo de Vías e Obras remitiuse memoria valorada da execución da "Mellora de vial municipal Carballín a Bustelo" onde consta que o custo da actuación obxecto do convenio ascende a 171.298,93 €.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben, en nome das entidades ás que representan, a presente segunda addenda, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

*Cláusulas*.

Primeira.- As partes acordan modificar as cláusulas primeira e quinta do convenio formalizado o 9 de maio de 2024 e modificado o 26 de decembro de 2024, que quedarán redactadas no seguinte senso:
Cláusula Primeira.- Obxecto.
"Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Negueira de Muñiz en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

| Actuación | CUSTE TOTAL (IVE engadido) |
|---|---|
| MELLORA DO VIAL MUNICIPAL CARBALLÍN A BUSTELO | 171.298,93 € |

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

| ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO |
|---|---|
| 163.919,34 € | 7.379,59 € |
| TOTAL: 171.298,93 € | |

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.
Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida."
Cláusula Quinta.- Réxime económico.
A) Achegas.
1.- Achega da Deputación.
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 140.212,29 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420 76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2024 e 23.707,05 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420 76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.
2.- Achega do Concello.
O Concello de Negueira de Muñiz efectuará unha achega de 7.379,59 € e financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.
Titularidade do resultado da cooperación.
O resultado da cooperación será do concello de Negueira de Muñiz.
Xustificación da achega económica.
O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Negueira de Muñiz se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 15 de novembro de 2025.
A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:
Memoria de actuacións realizadas.
Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:
a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.

b) O custo total da actuación desenvolta e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.
e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución da actuación obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.
(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)
Resolución ou acordo de adxudicación.
Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificarase coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condiciones xerais e particulares que, en relación con elos, fosen previamente establecidas.
Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:
1. Que o Concello asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)", por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
4. Destino do ben (5 anos en obras e 2 anos en subministros e servizos).
(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)
Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.
Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente."

Segunda.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta segunda modificación, permanecerán invariables.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 108/181 |

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, subscrito con data 9 de maio de 2024 e modificado o 26 de decembro de 2024, esta segunda addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente segunda addenda do que como secretario dou fe."

**2º.-** Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 23.707,05 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420 76200 do vixente orzamento xeral."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2024/031, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2024.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

"Primeiro.- Con data 27 de decembro de 2024 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do "Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2024", de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2024/031, correspondente á AA.VV. A Groba as obras de "Acondicionamento e Recuperación Cemiterio Parroquial de Vilabade", concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €.

Terceiro.- A AA.VV. A Groba, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 27 de decembro de 2024.

Cuarto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 27 de decembro de 2024 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da AA.VV. A Groba (Castroverde), tramitada co número de expediente SUBDOT-2024/031, destinada ás obras de "Acondicionamento e Recuperación Cemiterio Parroquial de Vilabade" por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento da mesma."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN DOS ORZAMENTOS DA PROGRAMACIÓN ANUAL DE ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO E DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ ANO 2025.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

"Como se recolle no informe emitido polo Xefe de Servizo de Medio Ambiente da Deputación Provincial de Lugo de CSV IV7SYKS6D5BC7FMJ6A6N6EBCKU, a Área de Medio Ambiente pretende aprobar unha modificación dos orzamentos comprometido na programación anual de Actividades de Educación e divulgación ambiental, aprobadas na Xunta de Goberno de 28 de marzo de 2025, para deste modo cumprir coas súas obrigas como xestor das reservas da Biosfera Terras do Miño e da Reserva da Biosfera do Ancares Lucenses Montes de Cervantes Navia e Becerrreá, así como coas competencias que ten establecidas como obxectivos básicos de desenvolver actividades de divulgación e educación ambiental a nivel provincial. Con esta labor preténdese dar a coñecer o patrimonio natural da nosa provincia de xeito xeral e promover as boas prácticas ambientais aos cidadáns así como achegar coñecementos sobre os oficios e actividades que teñen que ver coas boas prácticas ambientais, etc.
O devandito informe recolle o seguinte teor literal:


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 110/181 |

"Informe do Área de Medioambiente.

Asunto: informe relativo á modificación dos orzamentos da programación anual de actividades de educación e divulgación ambiental da Deputación de Lugo e das Reservas da biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá ano 2025.

*Antecedentes*.

Primeiro.- Con data 28 de marzo de 2025, a Xunta de Goberno da Deputación da Lugo, procedeu a aprobar a a programación anual de actividades de educación e divulgación ambiental da Deputación de Lugo e das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá.
Como se mencionaba na tramitación deste expediente esa programación respondía ás necesidades e compromisos que o Área de Medio Ambiente teñen encomendados. Entre eles están a xestión das Reservas da Biosfera Terras do Miño e dos Ancares Lucenses Montes de Cervantes, Navia e Becerreá e a aprobación da programación, logo do prazo de participación, por parte dos Órganos de Xestión destas Reservas da Biosfera nas súas reunións anuais.

Segundo.- Na Xunta de Goberno de data 28 de marzo de 2025, procedeuse á aprobación das seguintes actividades:
"1. Programación de actividades solicitadas polos Concellos e Asociacións membros do Órgano de Participación da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses
O día 20 de febreiro de 2025 desenvolvéronse as reunións dos Órganos de Participación e Reitor da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá: Na reunión do Órgano de Participación desta Reserva da Biosfera deuse conta das distintas actividades que foron solicitadas polos diferentes axentes que forman parte deste órgano e presentouse unha programación de actividades estimadas, a cal foi informada favorablemente por este órgano e posteriormente aprobada polo Órgano Reitor:
Concello de Becerreá (actividades solicitadas polo Centro Social de Becerreá e a ANPA de Becerreá):
1º Trimestre 2025:
(1) Obradoiro sobre a tradición do entroido nos Ancares.
(1) Obradoiro de tradicións e plantas medicinais.
2º trimestre 2025:
(1) Campamento científico para nenos.

(1) Xornada de xogos tradicionais na natureza.
3º trimestre 2025:
(1) Obradoiro de olaría tradicional.
(1) Curso de orientación na montaña.
4º trimestre 2025:
(1) Un obradoiro de cociña micolóxica e outros produtos autóctonos.
(3) Xornadas de cantigas e outras tradicións do nadal na montaña.
Concello de Cervantes:
1º Trimestre 2025:
(1) Obradoiro sobre Apicultura: Cría de raíñas e elaboración de núcleos (Solicitado polo Concello de Cervantes).
(1) Obradoiro e teatro de marionetas (Solicitado pola ANPA do CPI de Cervantes).
2º trimestre 2025:
(1)Obradoiro de coidados de castiñeiros: Poda, enxerto e control de enfermidades. (Solicitado polo Concello de Cervantes)
(1) Identificación de rastros e excrementos no monte (Solicitado pola Asociación O Teixeiro).
3º trimestre 2025:
(1) Obradoiro de ferramentas de venda on-line para emprendedores no rural. (Solicitado polo Concello de Cervantes).
(1) Obradoiro de astronomía (Solicitado pola Asociación O Teixeiro).
4º trimestre 2025:
(1) Obradoiro "Coñecendo o legado arqueolóxico dos Ancares: mámoas, castros e petroglifos (Solicitado pola ANPA CPI Cervantes).
(1) Xornada denominada "Os Ancares, unha forma de vida: vivencias, costumes, traballos e oficios, flora, fauna e patrimonio (Solicitada polo Concello de Cervantes).
Concello de Navia de Suarna:
1º trimestre 2025:
(1) Obradoiro de enxerto. (Solicitado polo Concello de Navia de Suarna).
(1) Obradoiro de cestaría (Solicitado pola Asociación Ledicia).
2º trimestre 2025:
(1) Campamento científico para nenos. (Solicitado pola Asociación Ledicia)
(1) Roteiro Navia en primavera (Solicitado pola Asociación Irmandade Naviega).
3º trimestre 2025:
(1) Obradoiro de Obradoiro de técnicas de elaboración e traballo do feltro. (Solicitado pola Asociación Irmandade Naviega).
(1) Obradoiro de astronomía (Solicitado pola Asociación Ser).
4º trimestre 2025:
(1) Obradoiro de micoloxía. (Solicitado polo Concello de Navia de Suarna).
(1) Obradoiro gastronómico. (Solicitado pola Asociación SER).
Por outra banda durante a realización das devanditas reunións dos Órganos de Xestión da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses, deuse conta da Programación anual que dende a Área de Medio Ambiente da Deputación de Lugo se pretende desenvolver tanto nos Centros de Atención a Maiores da Deputación de Lugo e nas distintas entidades que así o solicitaron.

2. Programación de actividades solicitadas polo Concellos e Asociacións membros do Órgano de Participación da Reserva da Biosfera Terras do Miño

Concretamente, durante o día 21 de febreiro de 2025 desenvolvéronse as reunións dos Órganos de Xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño. En primeiro lugar, no Órgano de Participación deuse conta e informouse favorablemente as actividades que foran solicitadas polas diferentes asociacións e Concellos que pertencen a este órgano. Posteriormente, na reunión do Órgano Reitor aprobouse a programación anual de actividades da Reserva da Biosfera Terras do Miño. Mais polo miúdo, as actividades aprobadas foron:

Concello de Alfoz.

(1) Obradoiro de micoloxía.

(1) Obradoiro de enxertado de primavera de árbores froiteiras.

Concello de Begonte

(1) Obradoiro de poda.

(1) Obradoiro de micoloxía.

Concello de Castroverde.

(1) Obradoiro de cestería.

(1) Obradoiro de elaboración de conservas artesáns.

Concello de Guitiriz.

(1) Obradoiro de micoloxía.

Concello de Ourol.

(1) Obradoiro de arte floral.

Concello de Pol.

(1) Obradoiro – Actividade "Adornos de nadal".

Concello de Xermade

(1) Obradoiro de Arte Floral.

Asociación de Mulleres Rurais A Xuntanza (Local da Asociación na Ponte de Outeiro en Castro de Rei)

(1) Obradoiro de técnicas básicas de arte floral

Sindicato Labrego Galego (Castro de Rei)

(1) Curso de elaboración de derivados lácteos.

Asociación de Veciños de San Cosme de Nete (Local da Asociación na Escola de Nete, Vilalba)

(1) Obradoiro de técnicas de arte floral

Asociación de Mulleres Rurais Alfinete de Benade (Local da Asociación na Antiga Escola de San Estevo de Benade)

(1) Curso de tear en bastidor

Club Piragüismo Cidade de Lugo


| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 113/181 |

3ª Ruta fluvial polo río Miño en Lugo

Por outra banda, durante a realización das devanditas reunións dos órganos de xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño, deuse conta da Programación anual que dende a Área de Medio Ambiente da Deputación de Lugo se pretende desenvolver tanto no Centro de Interpretación Terras do Miño, así como nos Centros de Atención a Maiores da Deputación de Lugo e nas distintas entidades que así o solicitaron.

3. Programación de actividades a desenvolver no Centro de Interpretación Terras do Miño.

Como se manifestou neste informe, nas sesións das reunións dos Órganos de Participación e Reitor da Reserva da Biosfera Terras do Miño, xestionada dende esta Deputación Provincial de Lugo, deuse conta da programación a desenvolver no Centro de Interpretación Terras do Miño, a cal deriva das demandas tanto dos usuarios do mesmo como dos colectivos que forman parte desta Reserva da Biosfera, que se poden resumir nas seguintes actividades.

(1) Obradoiro artesanía en madeira con flores frescas, (7 - 11 de abril).
(1) Obradoiro métodos de propagación vexetal (21 – 25 de abril).
(1) Obradoiro de fabricación de teares (28 de abril a 2 de maio).
(1) Actividade Reutiliza (12- 16 de maio).
(1) Obradoiro novas tendencias no arte floral (12- 16 de maio 2025).
(1) Obradoiro de tear con bastidor (26-30 de maio 2025).
(1) Obradoiro día do medio ambiente. Eco-acción: Reducindo plásticos (5 de xuño 2025).
(1) Obradoiro de encadernación (9 a 13 de xuño 2025).
(1) Obradoiro re-conecta co medio natural a través do ioga (16- 20 de xuño 2025).
(1) Obradoiro día internacional do ioga, Ioga en familia. (21 de xuño 2025).
(1) Obradoiro xogos de verán (do 23 de xuño a 27 de xuño 2025).
(1) Obradoiro dende a reciclaxe a creación musical, II edición (30 de xuño- 4 de xullo 2025).
(1) Obradoiro crea, innova e protexe (7-15 de xullo 2025).
(1) Obradoiro rutas guiadas infantís polo entorno natural (1-5 de setembro 2025).
(1) Obradoiro Recicla e repara pequenos arranxos (8-12 de setembro).
(1) Obradoiro técnicas básicas con flores secas (29 de setembro a 3 de outubro 2025).
(1) Obradoiro curso intensivo de cerámica- (8-10 de outubro e 20 e 21 de novembro 2025).
(1) Obradoiro Reinventa ou outono (13- 17 de outubro 2025).
(1) Obradoiro conta atrás para un Nadal sostible (3-7 de novembro 2025).
(1) Obradoiro arte floral de advento (10- 14 de novembro 2025).
(1) Obradoiro de poda (17- 21 de novembro 2025).
(1) Obradoiro Nadal sostible. Crea reutilizando (24- 28 de novembro 2025).
(2) Obradoiros de poda (1 ao 5 de decembro e 15-19 de decembro 2025).
(1) Obradoiro xogos de Nadal (actividade infantil 22 - 26 de decembro 2025).
(1) Obradoiro Robotix Nature: innovando para o planeta (2, 5, 7 de xaneiro 2026)

4. Programación de actividades a desenvolver nos Centros de Atención a Maiores da Deputación Provincial de Lugo.

En relación a estas actividades, enmárcanse nas accións formativas que se desenvolven nos centros de atención a maiores por parte da Área de Medio Ambiente

e que teñen como obxectivo dobre, en primeiro lugar, inculcar aos residentes destes centros coñecementos sobre o respecto á natureza e o medio ambiente e ,por outra banda, fomentar a creatividade mentres se aprende sobre sustentabilidade e se melloran as capacidades cognitivas e físicas dos residentes.

Concretamente, a Área de Benestar da Deputación de Lugo solicitou as seguintes actividades a desenvolver en todos os centros de atención a maiores que xestiona:

Obradoiro de cestería (8 de abril a 13 de xuño).

Obradoiro de Manualidades con arte primaveral (1 de abril ao 6 de xuño).

Obradoiro de plantas aromáticas e medicinais (15 de setembro a 14 de decembro 2025).

Econadal creativo (6 de outubro a 3 de 5 de decembro 2025).

5. Actividades solicitadas por outras entidades:

Concello da Fonsagrada:

(1) Obradoiro de poda: 30 de marzo.

(1) Obradoiro de enxerto: 12 e 13 de abril.

(1) Obradoiro cultivos de horta: 26 e 27 de abril.

Asociación Laxe-Blanca (O Corgo).

(1) Obradoiro de cestería.

(1) Obradoiro de restauración de mobles.

(1) Obradoiro de conservas artesanais.

Asociación Cultural San Martiño de Río.

(1) Obradoiro de adornos florais.

Asociación Cultural Capilla Sixtina de Nogueira.

(1) Obradoiro sobre plantas medicinais. (9 e 10 de maio de 2025).

Terceiro.-Cómpre manifestar que este listado deu lugar á Programación de Actividades da Deputación Provincial de Lugo e das Reservas da Biosfera Terras do Miño e dos Ancares Lucenses Montes de Cervantes Navia e Becerreá, e esta listaxe viuse alterado durante a execución desta programación debido ás solicitudes presentadas por diversas asociacións e Concellos da Provincia o cal provocou a aparición de modificacións orzamentarias que obrigan a aumentar os importes consignados nas diferentes aplicacións orzamentarias destinadas para tal fín.

Por todo o anteriormente exposto cómpre a emisión do seguinte:

*Informe*.

Polo recollido nos antecedentes deste informe e considerando que o crédito existente na actualidade nas partidas vinculadas a execución da Programación de Actividades

da Deputación Provincial de Lugo e das Reservas da Biosfera Terras do Miño e dos Ancares Lucenses Montes de Cervantes Navia e Becerreá, resulta insuficiente para a execución da mesma cómpre a incorporación de novos fondos a estas aplicacións orzamentarias que garantan a correcta execución das actividades recollidas na Programación.
Mais polo miúdo como é coñecido na aprobación efectuada pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, de data 28 de marzo de 2025, estableceuse a forma de financiamento das actividades que formaban parte da Programación de Actividades de Educación Ambiental da Deputación Provincial de Lugo e das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá, e que serán financiadas na súa totalidade pola Deputación Provincial de Lugo.
Para elo, a Área de Medio Ambiente conta nos seus orzamentos con aplicacións orzamentarias destinadas para eses fins, de xeito particular as aplicacións: 1720.22606, 1724.22606, 1725.22606 e a partida 1729.22606.
Concretamente os gastos das actividades recollidas nesta programación e que foron obxecto aprobación recollían os seguintes importes que se recollen na seguinte táboa, con cargo as aplicacións orzamentarias que se reflicten na mesma:

| Aplicación orzamentaria | Cantidade (€) |
|---|---|
| 1720.22606 | 50.000,00 |
| 1724.22606 | 30.000,00 |
| 1725.22606 | 20.000,00 |
| 1729.22606 | 12.500,00 |
| Total | 112.500,00 |

Esta previsión orzamentaria viuse modificada pola aparición de novas solicitudes que non estaban previstas na programación inicial e polo propio desenvolvemento da programación que obriga a mobilizar mais recursos para esas aplicacións orzamentarias.

Cómpre polo tanto a inxección existentes das seguintes cantidades para garantir a correcta execución da devandita programación:

| Aplicación orzamentaria | Cantidade a inxectar (€) | Orzamento total (€) |
|---|---|---|
| 1720.22606 | 22.255,35 € | 72.255,35 |
| 1724.22606 | 38.848,22 | 68.848,22 |
| 1725.22606 | 10.276,10 | 30.276,10 |
| 1729.22606 | - | 12.500 |
| Total | 71.379,67 | 183.879,67 |

*Conclusións.*

Por todo o anteriormente exposto conclúese:

1. Elevar a aprobación da Xunta de Goberno a incorporación de novos fondos que permitan levar a cabo a Programación de Actividades de Educación Ambiental da Deputación de Lugo e das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Ancares Lucenses


| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 116/181 |

Montes de Cervantes, polo importe que se recolle na seguinte táboa e con cargo as aplicacións orzamentarias que se reflicten na mesma.

| Aplicación orzamentaria | Cantidade a inxectar (€) | Orzamento total (€) |
|---|---|---|
| 1720.22606 | 22.255,35 € | 72.255,35 |
| 1724.22606 | 38.848,22 | 68.848,22 |
| 1725.22606 | 10.276,10 | 30.276,10 |
| 1729.22606 | - | 12.500 |
| Total | 71.379,67 | 183.879,67 |

2. Cómpre indicar que estes orzamentos poderán ser modificados ao longo da execución da programación aprobada denominada Programación de Actividades de Educación Ambiental da Deputación de Lugo e das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Ancares Lucenses Montes de Cervantes, no caso da presentación de solicitudes de colectivos e concellos da Provincia sempre que as posibilidades orzamentarias así o permitan.
E para que conste e aos efectos oportunos é todo canto procede informar."

Por todo o anteriormente exposto e considerando o recollido no informe emitido polo área de Medio Ambiente de CSV IV7SYKS6D5BC7FMJ6A6N6EBCKU, proponse, que a Xunta de Goberno adopte os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a incorporación de novos fondos que permitan levar a cabo a Programación de Actividades de Educación Ambiental da Deputación de Lugo e das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Ancares Lucenses Montes de Cervantes, polo importe que se recolle na seguinte táboa e con cargo as aplicacións orzamentarias que se reflicten na mesma.

| Aplicación orzamentaria | Cantidade a inxectar (€) | Orzamento total (€) |
|---|---|---|
| 1720.22606 | 22.255,35 € | 72.255,35 |
| 1724.22606 | 38.848,22 | 68.848,22 |
| 1725.22606 | 10.276,10 | 30.276,10 |
| 1729.22606 | - | 12.500 |
| Total | 71.379,67 | 183.879,67 |

**2º.-** Aprobar que estes orzamentos poidan ser modificados ao longo da execución da programación aprobada denominada Programación de Actividades de Educación Ambiental da Deputación de Lugo e das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Ancares Lucenses Montes de Cervantes, no caso da presentación de novas solicitudes

de colectivos e concellos da Provincia sempre que as posibilidades orzamentarias así o permitan."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- PROPOSTA DA APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE REINTEGRO PARCIAL DE SUBVENCIÓN DIRECTA DE CARÁCTER EXCEPCIONAL OUTORGADA Á ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL URBANO DE MONFORTE DE LEMOS.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

"*Antecedentes de feito.*

1. Na sesión de Xunta de Goberno da Deputación de data 17 de xullo de 2020, aprobouse o convenio que canaliza a subvención directa de carácter excepcional outorgada, por importe de 36.907,92€, a favor da Asoc. Centro Comercial Urbano de Monforte de Lemos, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Axudas para a dixitalización do comercio asociado de Monforte", na anualidade do 2020. O convenio foi subscrito o 31 de xullo de 2020.
2. O 31.03.2021, por resolución de presidencia aprobase a conta xustificativa correspondente á subvención directa excepcional, por un importe de 38.850,44 €, e o aboamento da subvención por importe de 36.907,92 €, xa que a entidade non recibiu anticipo ningún. O 08.04.2021 a entidade beneficiaria recibe o abono da subvención.
3. O 26.09.2022, Intervención emite comunicación ao Órgano Xestor sobre inicio de actuacións de Control Financeiro do expediente nº 2020/OSB_01/000006 da Asoc. Centro Comercial Urbano de Monforte de Lemos.
4. O 20.01.2025 a intervención Xeral Provincial emite informe provisional, e o 11.03.25, emite informe definitivo en relación a subvención excepcional outorgada a Asoc. Centro Comercial Urbano de Monforte de Lemos, concluíndo que a entidade beneficiaria incumpriu parcialmente a cláusula adicional "Bens inventariables" do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional e o artigo 31.4 da Lei Xeral de Subvencións, nas cales se indica que, no suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables a entidade beneficiaria debe destinalos bens ao fin concreto por un período mínimo de dous anos. En concreto, non se puido verificar o adecuado funcionamento da páxina Web "www.drogueriabicos.com" debido ao cese da actividade comercial da entidade asociada, procedendo o reintegro.
5. O 07.03.2025 a Xunta de Goberno da Excma. Deputación acorda:
1º.- Iniciar o procedemento de reintegro parcial da subvención excepcional concedida á Asoc. Centro Comercial Urbano de Monforte de Lemos, na anualidade 2020, debido a causa do incumprimento da cláusula adicional "Bens inventariables" do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional e do artigo 31.4 da Lei Xeral de Subvencións, nas cales se indica que, no suposto de adquisición, construción,

rehabilitación e mellora de bens inventariables a entidade beneficiaria debe destinalos bens ao fin concreto por un período mínimo de dous anos, non podendo verificar o adecuado funcionamento da páxina Web www.drogueriabicos.com debido ao cese da actividade comercial da entidade asociada dende o mes de decembro de 2021, polo que procede o reintegro parcial da axuda concedida por importe de 346,01 € máis os correspondentes intereses de demora devindicados.
2º.- Nomear instrutor do procedemento de reintegro a Xefa de Servizo de Promoción Económica e Social.
3º.- Dar trámite de audiencia á entidade Asoc. Centro Comercial Urbano de Monforte de Lemos por un prazo de quince días contados a partir do día seguinte a notificación deste acordo, ao obxecto de formular alegacións ou presente a documentación que considere pertinentes."
6. Finalizado o tramite de audiencia (13.03.2025– 02.04.2025) a entidade beneficiaria non presenta alegación ningunha e o 02.04.25 reintegra a favor da Deputación Provincial o importe de 346,01€.
7. O 08.04.2025 o Servizo de Tesouraría, previa solicitude da Sección de Promoción Económica e Emprego, remite o calculo dos intereses de demora que ascenden a 54,17€. Detectado un erro de transcrición no cálculos dos intereses de demora, en concreto nos días da anualidade 2024, solicitase de novo o calculo á Tesouraría desta Deputación. O 28.04.2025 Tesouraría remite o calculo dos intereses de demora, non sufrindo ningún cambio o importe e ascendendo o importe de 54,17 €.

*Lexislación aplicable.*

Constitución Española de 1978.
Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se proba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.
Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia.
Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.
Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
Bases de execución do orzamento provincial da Deputación de Lugo para o exercicio 2021.
Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo.

Plan Estratéxico de Subvencións (2020-2022).
Convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional subscrito pola Deputación Provincial de Lugo e á Asoc. Centro Comercial Urbano Monforte de Lemos o 31.07.2020.
Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

*Consideracións xurídicas.*

1. No artigo 31.4 da Lei Xeral de Subvencións establecese que:
"No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, seguiranse as seguintes regras:
a) As bases reguladoras fixarán o período durante o cal o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, que non poderá ser inferior a cinco anos en caso de bens inscribibles nun rexistro público, nin a dous anos para o resto de bens."
2. No artigo 33.1 da Lei de subvencións da Galicia establecese:
"Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:
[...]
f) Incumprimento das obrigacións impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, realízase a actividade, executase o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
g) Incumprimento das obrigacións impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso derívese a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatiais, da Unión Europea ou de oranismos internacionais.
[...]"
3. No artigo 38. Procedemento de reintegro da lei de subvencións de Galicia establecese que:
"O procedemento de reintegro de subvencións iniciarase de oficio por acordo do órgano competente, ben a propia iniciativa, ben como consecuencia de orde superior, a petición razoada doutros órganos ou por denuncia. Tamén se iniciará como consecuencia do informe de control financeiro emitido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma"
4. O artigo 37 (Procedemento de reintegro) da Ordenanza xeral de Subvencións da Deputación de Lugo establece:
"1. O órgano competente para iniciar o procedemento de reintegro é o órgano concedente da subvención, ben a propia iniciativa, ben como consecuencia de orde


| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 120/181 |

superior, a petición razoada doutros órganos, por denuncia ou a solicitude de informe de control financeiro emitido pola Intervención.
2. Na tramitación do procedemento de reintegro garantirase en todo caso o dereito do interesado á audiencia.
[...]
4. O prazo máximo para resolver e notificar o procedemento de reintegro será de doce meses dende a data do acto de inicio do procedemento.
Se transcorre o prazo para resolver sen que se notificou resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento, sen prexuízo de continuar as actuacións ata a súa terminación e sen que se considere interrompida a prescrición polas actuacións realizadas ata a finalización do citado prazo.
5. A resolución do procedemento de reintegro poñerá fin á vía administrativa."
5. O artigo 39 (Devolución a iniciativa do perceptor) da Ordenanza xeral de Subvencións da Deputación de Lugo establece:
"1. Cando se produce a devolución voluntaria realizada polo beneficiario, sen o previo requirimento do órgano competente, este adoptará o correspondente acto co cálculo dos intereses de demora producidos ata ese momento.
2. Na convocatoria, acto de concesión ou convenio deberán establecerse os medios dispoñibles para que o beneficiario poida efectuar esta devolución, de conformidade coas instrucións emitidas para o efecto polo órgano competente."
6. Na cláusula adicional segunda do convenio que canaliza a subvención, establecese:
"Cláusula adicional Segunda.- Bens inventariables
De conformidade co establecido no artigo 31 da LXS, no suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, seguiranse as seguintes regras:
O beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu esta subvención, por un período mínimo de dous anos.
O incumprimento da obriga de destino referida anteriormente, que se producirá, en todo caso, co alleamento ou o gravame do ben, será causa de reintegro, nos termos establecidos no capítulo II do título II da LXS, quedando o ben afecto ao pago do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, salvo que resulte ser un terceiro protexido pola fe pública rexistral.
Non se considerará incumprida a obriga de destino referida no parágrafo anterior cando, os bens foran substituídos por outros que sirvan en condicións análogas ao fin para o que se concedeu a subvención, e este uso se manteña ata completar o período establecido, sempre que a substitución fora autorizada pola Deputación de Lugo."

7. O artigo 94 (Regras Xerais), do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece que:
"[...]
4. A resolución do procedemento de reintegro identificará o obrigado ao reintegro, as obrigacións incumpridas, a causa de reintegro que concorre de entre as previstas no artigo 37 da Lei e o importe da subvención para reintegrar xunto coa liquidación dos intereses de demora.
5. A resolución será notificada ao interesado requiríndoselle para realizar o reintegro correspondente no prazo e na forma que establece o Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo"
8. O artigo 77 (Regras xerais) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece que:
"1. No acordo polo cal se inicie o procedemento de reintegro, deberán indicarse a causa que determina o seu inicio, as obrigacións incumpridas e o importe da subvención afectado.
2. O acordo seralle notificado ao beneficiario ou, no seu caso, á entidade colaboradora, e concederanlle un prazo de quince días para que alegue ou presente os documentos que considere pertinentes.
3. O inicio do procedemento de reintegro interromperá o prazo de prescrición de que dispón a Administración para esixir o reintegro, de acordo con o establecido no artigo 35 da Lei de subvencións de Galicia.
4. Se transcorrido o prazo ao que se refire o punto 2 o beneficiario non presentase alegacións, o órgano competente poderá, sen máis trámite, resolver o procedemento de reintegro nos mesmos termos contidos no acordo de inicio do procedemento.
5. A resolución do procedemento de reintegro identificará, cando menos, ao obrigado ao reintegro, as obrigacións incumpridas, a causa de reintegro e o importe do principal da subvención para reintegrar.
6. A resolución do procedemento de reintegro pon fin á vía administrativa."
9. O artigo 80 (Trámite de alegacións) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece que:
"1. Recibida a notificación do inicio do procedemento de reintegro, o interesado poderá presentar as alegacións e a documentación que considere oportunas no prazo de quince días.
[...]
5. En calquera momento durante o trámite de alegacións poderá o interesado admitir o reintegro. Neste caso procederase á devolución do importe correspondente segundo o disposto no artigo 64º deste regulamento, sen prexuízo das sancións que no seu caso poidan recaer en aplicación do disposto no título IV da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia."
10. O artigo 64º (Devolución por iniciativa do perceptor) do Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, reflicte que:
"Enténdese por devolución voluntaria aquela que é realizada polo beneficiario sen previo requirimento da Administración.

Na convocatoria deberase dar publicidade dos medios dispoñibles para que o beneficiario poida efectuar esta devolución.
O importe da devolución incluirá os intereses de demora, de acordo con o previsto no artigo 34 da Lei de subvencións de Galicia, ata o momento en que se produciu a devolución efectiva por parte do beneficiario. O ingreso realizarase segundo o disposto na normativa reguladora do procedemento de recadación."

*Conclusións.*

De conformidade co establecido nos artigos 41 e 42 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, correspóndelle ao órgano concedente a competencia para iniciar e resolver o procedemento de reintegro daquelas subvencións que se concederon.
Tendo en conta os antecedentes, ponse de manifesto que a Asociación Centro Comercial Urbano Monforte de Lemos incumpriu:
A cláusula adicional "Bens inventariables" do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo para a realización da actuación "Axudas para a dixitalización do comercio asociado de Monforte", na anualidade 2020
E o artigo 31.4 da Lei Xeral de Subvencións, no cal se indica, que no suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables a entidade beneficiaria debe destinalos bens ao fin concreto por un período mínimo de dous anos,
por non poder verificar o adecuado funcionamento da páxina Web "www.drogueriabicos.com" debido ao cese da actividade comercial da entidade asociada dende o mes de decembro de 2021."
O órgano xestor notificou o acordo de inicio de procedemento de reintegro parcial da subvención excepcional e deu trámite de audiencia á entidade beneficiaria co obxecto de que formulara as alegacións ou a presentara a documentación que estimara pertinente. O trámite de audiencia, rematou sen que a entidade alegara ou presentara documentación e reintegrando de forma voluntaria o importe de 346,01€ a favor da Deputación Provincial.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Resolver o procedemento de reintegro parcial da subvención excepcional concedida á Asoc. Centro Comercial Urbano de Monforte de Lemos, na anualidade

2020, debido o incumprimento da cláusula adicional “Bens inventariables” do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional e do artigo 31.4 da Lei Xeral de Subvencións, nas cales se indica que, no suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables a entidade beneficiaria debe destinalos bens ao fin concreto por un período mínimo de dous anos, non podendo verificar o adecuado funcionamento da páxina Web www.drogueriabicos.com debido ao cese da actividade comercial da entidade asociada dende o mes de decembro de 2021, polo que procede o reintegro parcial da axuda concedida por importe de 346,01€ máis os correspondentes intereses de demora devindicados.
A entidade beneficiaria, o 02.04.2025, devolveu de forma voluntaria 346,01€, polo que calculados os intereses de demora procede o reintegro, por este concepto, do importe de 54,17€.

**2º.-** Comunicar á entidade beneficiaria a resolución do procedemento e o prazo para efectuar o ingreso segundo o artigo 62.2 da Lei Xeral Tributaria:
a) As débedas tributarias notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data de notificación ata o día 20 do mes seguinte o inmediato hábil seguinte.
b) As notificadas entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de notificación ata o día 5 do segundo mes posterior o inmediato hábil seguinte.
Se o derradeiro día de prazo coincide en sábado ou día inhábil amplíase o prazo ó inmediato hábil seguinte.
Transcorrido o prazo para o aboamento sen que teña lugar, procederase ao seu aboamento de acordo co procedemento previsto nas normas reguladoras do procedemento recadatorio na vía executiva.

**3º.-** Contra o Acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, ante o órgano competente da orde xurisdicional contenciosa-administrativo, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.
As cantidades esixidas serán ingresadas na conta da Deputación ESO4-20800163-85-3110000423.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS CIRCUÍTOS TEATRAIS (AFECCIONADO E PROFESIONAL) NA PROVINCIA DE LUGO, 2025.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 124/181 |

"1º.- Visto o informe do servizo de Cultura onde se dí- entre outras cousas que: "(...) A Cultura, nas súas diversas manifestacións é considerada unha actividade de especial interese público e social, en cuxa conservación, protección, defensa e promoción están concernidos todos os poderes públicos.
Dentro da Constitución Española de 1978, no seu Preámbulo, proclámase a vontade de protexer aos pobos de España no exercicio das súas culturas, tradicións, linguas e institucións e de promover o progreso da cultura para asegurar unha calidade de vida digna.
De igual xeito, no artigo 3.3, da C.E. sinálase que a riqueza das distintas modalidades lingüísticas é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.
Os artigos 9.2, 44.1, 46 e 48 da Carta Magna conteñen mandatos dirixidos aos poderes públicos para facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social; promover e tutelar o acceso á cultura á que todos teñen dereito; garantir a conservación e promoción do enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade, ademais de sinalar que lle corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas e remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude co obxecto de facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social .
Polo que se refire ao réxime de distribución das competencias, dentro da organización Territorial do Estado, o artigo 148.1 da CE recoñece o dereito das comunidades autónomas para asumir competencias en materia de patrimonio monumental do seu interese e tamén en materia de fomento da cultura. Así, o artigo 149.2 da CE aclara que, sen prexuízo das competencias que poidan asumir as Comunidades Autónomas, o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial.
En coherencia co anteriormente sinalado, Galicia, no artigo 27.18 do seu Estatuto de Autonomía, asumiu a competencia exclusiva en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico de interese de Galicia, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1.28 da Constitución; arquivos, bibliotecas e museos de interese para a Comunidade Autónoma e que non sexan de titularidade estatal; conservatorios de música e servizos de belas artes de interese para a Comunidade Autónoma. De feito, de conformidade co disposto no artigo 32 do Estatuto de Autonomía de Galicia, correspóndelle á Comunidade Autónoma a defensa e a promoción dos valores


| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 125/181 |

culturais do pobo galego, en consonancia co establecido no propio preámbulo da Constitución Española onde se proclama a vontade de protexer aos pobos de España no exercicio das súas culturas, tradicións, linguas e institucións, e promover o progreso da cultura para asegurar unha digna calidade de vida.

Asemade, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

Ao amparo do marco constitucional e estatutario (artigos 27.18 e 32) e, dentro da lexislación sectorial, a Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia sinala que é o seu obxecto a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, de xeito que serva á cidadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sostible e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións futuras.

É xustamente a idea de valor a que determina a definición legal de ben cultural. O valor como contido de resonancia, non só emocional ou sentimental, senón directamente vinculado ao devir histórico do pobo galego na súa caracterización pasada e na súa aposta de futuro, sobre a base material e inmaterial do que xa é e no horizonte do que quere ser no campo da civilización, entendida como concerto das culturas e tradicións. O estudo, a protección, a conservación, o acrecentamento, a difusión e o fomento do patrimonio cultural son pedra angular do exercicio da dignidade colectiva e, por tanto, plásmanse como o primeiro mandato legal, que non debe ser visto como limitación restritiva, senón como participación de toda a sociedade no coidado do que ela mesma creou e ao que ela mesma perténcelle. O patrimonio cultural concíbese, pois, como fundamento de cohesión social e desenvolvemento sustentable. Neste sentido, a ponderación e integración da protección do patrimonio nas demais políticas sectoriais e a aposta pola colaboración interadministrativa e a participación cidadá están presentes ao longo de todo o articulado, a través dos principios xerais, dos dereitos e obrigacións da cidadanía, da información pública, do acceso aos bens máis destacados e do recoñecemento da libre iniciativa. Dentro deste espírito, inspira a lei o principio de subsidiariedade, que consagra técnicas descentralizadoras mediante a habilitación dos concellos nas tarefas de control preventivo en diversos ámbitos e esferas, que atopan o seu fundamento na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Isto permite achegar a Administración á cidadanía mediante o empoderamento dos entes máis próximos a esta. A tradicional centralización da xestión pública do patrimonio non contribúe ao sentimento de proximidade e identificación da cidadanía co legado cultural, que dalgunha maneira perténcelle como expresión da identidade colectiva na que se insere.

A Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia sinala no seu articulado (artigos 1, 2, 3, 8 e 9) que o seu obxecto é a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia de forma que sirva á ciudadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sostenible e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións vindeiras; que o patrimonio cultural de Galicia está constituido polos bens mobles, inmobles, as manifestacións inmateriales que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo. De igual xeito, integran o patrimonio cultural de Galicia todos aqueles bens ou manifestacións inmateriais de interese para Galicia nos que concorra algún dos valores sinalados.

Máis polo miúdo, no artigo 3.2.a, sinalase que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural, considerando no artigo 9.3 que a estes efectos tamén se consideran bens do patrimonio cultural inmaterial os usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas, xunto cos instrumentos, obxectos, artefactos e espazos culturais que lles son inherentes, que as comunidades, os grupos e, nalgúns casos os individuos reconozcan como parte integrante do seu patrimonio cultural, en particular:

A lingua, as tradicións e expresións orais, as artes do espectáculo, en especial a danza e a música, as representacións, os xogos, os usos sociais, rituais, ceremonias e actos festivos, entre outros.

Con base en todo o sinalado, o servizo de Cultura da Deputación de Lugo pretende poñer en marcha un Circuito de teatro afeccionado e un circuito de teatro profesional para a promoción, a divulgación e o fomento das actividades culturais de natureza escénica-teatral, dirixidas ao público infantil e adulto de toda a provincia de Lugo, da man dos Concellos, entidades asociativas culturais, asociacións veciñais e Anpas. Estas actividades poderán realizarse en espazos interiores ou exteriores.

No caso dos circuítos teatrais (afeccionado e profesional) estará dirixido a promover o desenvolvemento das artes escénicas teatrais a través da contratación de diferentes grupos de teatro afeccionado e/ou de compañías de teatro profesional, segundo corresponda á modalidade destes 2 circuítos de teatro.

O que se pretende con estes Circuítos é facilitar a acceso do público ao teatro mediante a distribución de montaxes tanto de teatro clásico, nos seus diferentes


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 127/181 |

xéneros (comedia, traxedia, traxicomedia, drama, títeres…), como de teatro moderno, entendendo como tal o teatro inmersivo, a improvisación, o microteatro, os musicais, o teatro do absurdo, a mímica, o teatro infantil, o teatro experimental,…, abordándose nas representacións unha ampla temática, desde o costumismo ata a crítica social.
Nesta anualidade 2025, a Deputación de Lugo (servizo de Cultura) non asumirá o 100% do custo das representacións teatrais destes circuítos teatrais (Afeccionado e Profesional). senón que a Deputación de Lugo (servizo de Cultura) asumirá/aboará unha porcentaxe variable do custo da obra representada concedida aos grupos

teatrais participantes neste Programa e, en todo caso, sempre que se acredite a realización da actividade. A porcentaxe restante do custe da representación teatral deberá ser asumido polo interesado da representación teatral, responsabilizándose de facerllo efectivo ao grupo teatral actuante. No caso de que houbese algún incumprimento de carácter económico por parte do interesado, a Deputación só se fará cargo do pago da porcentaxe da aportación económica comprometida, de acordo aos cachés e tipoloxías das obras que figuran a continuación:

Circuíto de teatro afeccionado.

* Os cachés das representacións teatrais afeccionadas para a anualidade 2025, e as porcentaxes que deberán asumir os interesados nas representacións para este Circuito teatral Afeccionado na anualidade 2025 serán os seguintes:

| Nº INTEGRANTES DOS GRUPOS TEATRAIS AFECCIONADOS | CACHES DAS OBRAS | TIPOLOXÍAS DOS DIFERENTES INTERESADOS DAS REPRESENTACIÓNS DE TEATRO AFECCIONADO E PORCENTAXES A ASUMIR POLAS PARTES. | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Asociacións (ANPAS, Asoc. Veciñais e Asoc. Culturais) | | Concellos < 6000 habitantes | | Concellos > ou igual a 6000 habitantes | |
| | | Deputación 90% | Interesados 10% | Deputación 80% | Interesados 20% | Deputación 70% | Interesados 30% |
| Grupos ata 8 integrantes | 495 € | 445,50 € | 49,50 € | 396 € | 99 € | 346,50 € | 148,50 € |
| Grupos entre 9 e 12 integrantes | 745 € | 670,50 € | 74,50 € | 596 € | 149 € | 521,50 € | 223,50 € |
| Grupos de 13 ou máis integrantes | 845 € | 760,50 € | 84,50 € | 676 € | 169 € | 591,50 € | 253,50 € |

Circuíto de teatro profesional.

A oferta das obras para esta edición 2025 ten por obxecto o de facilitar o acceso público ao teatro abordándose nas representacións unha ampla temática, desde o costumismo ata a crítica social. Cada compañía profesional de teatro poderá ofertar para este Circuito de Teatro Profesional, 2025, as obras que considere.

* Os cachés das representacións das compañías teatrais profesionais participantes nesta anualidade 2025 son os seguintes:

| COMPAÑÍAS TEATRAIS | OBRAS ANUALIDADE 2025 | CACHÉS | | |
|---|---|---|---|---|
| | | Base | IVE | total |
| Trécola Producións Ero Telmo Vázquez Cabrera: (44.846.653-B) | The Piccole Theatre | 1.300,00 € | 10 % | 1.430,00 € |
| | Tolitates | 1.300,00 € | 10 % | 1.430,00 € |

| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 128/181 |

| COMPAÑÍAS TEATRAIS | OBRAS ANUALIDADE 2025 | CACHÉS | | |
|---|---|---|---|---|
| | | Base | IVE | Total |
| Xamón Produción<br>Javier Ramón Iglesias<br>Castro: 33.322.222-Y | María Balteira, a bailadora primeira | 2.800,00 € | 21 % | 3..388,00 € |
| Ítaca Teatro<br>Producións Artísticas<br>Ítaca SL.:<br>B-27.491.182 | Anacos | 400,00 € | 21 % | 484,00 € |
| | Cinco minutos sen respirar | 2.400,00 € | 21 % | 2.904,00 € |
| | Formigas no peto<br>Alma de grillo<br>Instruccións para tomar café | 2.300,00 €<br>900,00 €<br>400,00 € | 21%<br>21%<br>21 % | 2.783,00 €<br>1.089,00 €<br>484,00 € |
| Ubú Teatro<br>Ana María Carreira<br>Varela:<br>33.322.708-D | Mudanzas | 900,00 € | 10 % | 990,00 € |
| | O vixilante de soños | 900,00 € | 10 % | 990,00 € |
| Teatro do Miolo<br>Producións<br>Guillermo Álvarez<br>Cancelo:<br>76.620.147-V | Saíndo co cerco | 1.600,00 € | 10 % | 1.760,00 € |
| Señor López Producións<br>Rubén Pérez Pombo:<br>33.547.320-A | A viaxe do Señor López | 1.000,00 € | 10 % | 1.100,00 € |
| Compañía Satori<br>Sonia Fernández Vázquez:<br>33.543.612-K | Cores do camiño | 1.800,00 € | 10 % | 1.980,00 € |
| Lîlâ Teatro<br>Lara Regueira Manzano:<br>36.120.278-C | Rara avis<br>Abra da Cabra<br>Duncan de Palleiro | 1.700,00 €<br>1.700,00 €<br>1.800,00 € | 10 %<br>10%<br>10% | 1.870,00 €<br>1.870,00 €<br>1.980,00 € |
| Bátega Teatro<br>María Raquel López<br>Cendán:<br>33.344.098-D | O mundo de Martiña<br>O Pano<br>Divers@s | 1.391,93 €<br>1.200,00 €<br>409,09 € | 10 %<br>10%<br>10% | 1.531,12 €<br>1.320,00 €<br>450,00 € |
| Mircromina Títeres<br>Antonio Rodríguez<br>Arenas:<br>20.262.598-N | Alma de Cartón<br>Pasmo de pedra | 1.050,00 €<br>800,00 € | 10 %<br>10% | 1.155,00 €<br>880,00 € |
| A Compañía Solitaria do<br>Dr. Monifate<br>Gustavo Fouce Rodríguez:<br>33.330.921-B | Badman, un home malo<br>Esperando ao Dr. Monifate…con Lombao | 990,00 €<br>990,00 € | 10 %<br>10% | 1.089,00 €<br>1.089,00 € |
| Loia Producións<br>Aida Sánchez Expósito:<br>33.554.244-G | María Visitación Consolación Amadora | 2.909,09 € | 10 % | 3.200,00 € |
| Tarabela Creativa<br>Tarabela Creativa SC:<br>J- 70.583.992 | Boa sorte, mala fama<br>Vaites, rapariga!<br>A Tarabela Ambulante: IDEA<br>O que non estaba escrito | 2.400,00 €<br>1.500,00 €<br>1.300,00 €<br>600,00 € | 21%<br>21%<br>21%<br>21% | 2.904,00 €<br>1.815,00 €<br>1.573,00 €<br>726,00 € |
| Bengala Teatro Físico<br>Vórtice S. Coop. Galega:<br>F-75.759.928 | En carne viva | 4.000,00 € | 21% | 4.840,00 € |
| Enésima<br>Cristian Fernández<br>Castro:<br>34.287.005-P | Transparentar | 1.400,00 € | 10% | 1.540,00 € |
| Zoevixion<br>Zoe Iriarte Costas:<br>36.080.399-T | Estarei ata o fin | 1.000,00 € | 10% | 1.100,00 € |


| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 129/181 |

As porcentaxes que deberán asumir os interesados nas representacións para o Circuito teatral Profesional deste Programa 2025 serán os seguintes:

| CACHÉ OBRAS | TIPOLOXÍAS DOS DIFERENTES INTERESADOS DAS REPRESENTACIÓNS DE TEATRO PROFESIONAL E PORCENTAXES A ASUMIR POLAS PARTES (Interesados + Deputación) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Asociacións (ANPAS, Asoc. Veciñais e Asoc. Culturais) | | Concellos < 6000 habitantes | | Concellos > ou igual a 6.000 habitantes | |
| | Deputación 90% | Interesado 10% | Deputación 80% | Interesado 20% | Deputación 70% | Interesado 30% |
| Obras de 450 € | 405,00 € | 45,00 € | 360,00 € | 90,00 € | 315,00 € | 135,00 € |
| Obras de 484 € | 435,60 € | 48,40 € | 387,20 € | 96,80 € | 338,80 € | 145,20 € |
| Obras de 726 € | 653,40 | 72,60 € | 580,80 € | 145,20 € | 508,20 € | 217,80 € |
| Obras de 880 € | 792,00 € | 88,00 € | 704,00 € | 176,00 € | 616,00 € | 264,00 € |
| Obras de 990 € | 891,00 € | 99,00 € | 792,00 € | 198,00 € | 693,00 € | 297,00 € |
| Obras de 1.089 € | 980,10 € | 108,90 € | 871,20 € | 217,80 € | 762,30 € | 326,70 € |
| Obras de 1.100 € | 990,00 € | 110,00 € | 880,00 € | 220,00 € | 770,00 € | 330,00 € |
| Obras de 1.155 € | 1.039,50 € | 115,50 € | 924,00 € | 231,00 € | 808,50 € | 346,50 € |
| Obras de 1.320 € | 1.188,00 € | 132,00 € | 1.056,00 € | 264,00 € | 924,00 € | 396,00 € |
| Obras de 1.430 € | 1.287,00 € | 143,00 € | 1.144,00 € | 286,00 € | 1.001,00 € | 429,00 € |
| Obras de 1.531.12 € | 1.378,01 € | 153,11 € | 1.224,90 € | 306,22 € | 1.071,78 € | 459,34 € |
| Obras de 1.540 € | 1.386,00 € | 154,00 € | 1.232,00 € | 308,00 € | 1.078,00 € | 462,00 € |
| Obras de 1.573 € | 1.415,70 € | 157,30 € | 1.258,40 € | 314,60 € | 1.101,10 € | 471,90 € |
| Obras de 1.760 € | 1.584,00 € | 176,00 € | 1.408,00 € | 352,00 € | 1.232,00 € | 528,00 € |
| Obras de 1.815 € | 1.633,50 € | 181,50 € | 1.452,00 € | 363,00 € | 1.270,50 € | 544,50 € |
| Obras de 1870 € | 1.683,00 € | 187,00 € | 1.496,00 € | 374,00 € | 1.309,00 € | 561,00 € |
| Obras de 1.980 € | 1.782,00 € | 198,00 € | 1.584,00 € | 396,00 € | 1.386,00 € | 594,00 € |
| Obras de 2.783 € | 2.504,70 € | 278,30 € | 2.226,40 € | 556,60 € | 1.948,10 € | 834,90 € |
| Obras de 2.904 € | 2.613,60 € | 290,40 € | 2.323,20 € | 580,80 € | 2.032,80 € | 871,20 € |
| Obras de 3.200 € | 2.880,00 € | 320,00 € | 2.560,00 € | 640,00 € | 2.240,00 € | 960,00 € |
| Obras de 3.388 € | 3.049,20 € | 338,80 € | 2.710,40 € | 677,60 € | 2.371,60 € | 1.016,40 € |
| Obras de 4.840 € | 4.356,00 € | 484,00 € | 3.872,00 € | 968,00 € | 3.388,00 € | 1.452,00 € |

Os circuítos teatrais (afeccionado e profesional) encadrase dentro do plan de programación propia do servizo de Cultura co obxecto de:
Incentivar a produción e o consumo cultural
Impulsar o desenvolvemento económico das industrias culturais nunha época de crise ao impulsar a creación do emprego e ser un revulsivo das estruturas económicas.
Apoiar e dar visibilidade as artes cinematográficas e teatrais como mecanismo de cohesión social
Servir como instrumento para o fomento da sociedade do benestar nunha provincia de forte atomización demográfica e de poboamento diseminado, achegando o teatro aos concellos da Provincia, as Anpas dos Centros de ensino e ás asociacións culturais e veciñais de toda a provincia.
Facer destas manifestacións un estímulo para a integración, a conservación, a promoción e difusión do patrimonio cultural galego, así como da súa lingua.
Remover os obstáculos que dificultan a chegada de programación cultural ao medio rural da provincia.
Converter as manifestacións culturais de natureza teatral nunha actividade de especial interese público e social, en cuxa conservación, protección, defensa e promoción se comprometen os poderes públicos locais.
Contribuír ao desenvolvemento económico, social e cultural preservando a tradición, promovendo a participación e a integración social e a reactivización da actividade económica cultural.
Complementar a programación artística que por parte dos concellos, das Anpas dos centros de ensino, das asociacións culturais e veciñais se veñen desenvolvendo,

| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 130/181 |

dentro do ámbito territorial e de actuación da Deputación de Lugo (a provincia de Lugo).
Os circuítos de teatro nacen coma unha liña programática propia centrada no mundo das artes escénicas representadas pola participación de grupos teatrais afeccionados e profesionais ou ben pola organización, a distribución, a proxección e a divulgación de filmografía con temática inclusiva, reivindicación social, transmisión de valores fundamentais (visibilización da realidade de colectivos diferentes, igualdade de xénero e raza, o fomento da diversidade, etc…) dando cabida a variantes que van dende o musical con transfondo social, a comedia ou o drama, pasando pola intriga- se fose o caso- intentando que, de acordo coa Lei 5/2016, de 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia se protexa, se conserve, se difunda e se fomente o patrimonio cultural como unha ferramenta de interrelación social coa función de nexo de transmisión ás xeracións futuras de valores fundamentais na educación: igualdade, diversidade ou sensibilizar a realidade dos diferentes colectivos sociais, etc...
Debemos sinalar que, no artigo 9.3 da Lei 5/2016, de 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia, considéranse bens do patrimonio cultural inmaterial os usos, representacións e as artes do espectáculo.
O período de execución destes circuítos teatrais 2025 será dende a súa aprobación e ata o 31 de decembro de 2025 (incluídas as actividades de Nadal)
De igual xeito, estes circuítos se materializarán – en cada caso- de acordo co procedemento legalmente establecido e segundo corresponda. O orzamento total para a súa implementación será de 215.372,50 €, desglosado do seguinte xeito:

| |
|---|
| Circuíto Teatro Afeccionado e Circuíto de Teatro Profesional: 198.500,00 € |
| Pago de dereitos de propiedade intelectual (dereitos de autor) se fose o caso-: 16.872,50 € |

* Na distribución das actuacións, o Servizo de Cultura prestará especial fincapé á creación e ao impulso de sinerxias entre concellos veciños; a complementar a programación artística dos concellos, das asociacións culturais, das asociacións veciñais e ANPAS dos centros de ensino; á difusión das programacións destes circuítos a todos os recunchos da xeografía provincial, poñendo especial fincapé en levar as representacións escénicas a aqueles espazos territoriais máis alonxados das salas de cine ou dos espazos de representación teatral.

* As actuacións (en interior e/ou exterior) poderanse celebrar en todo o territorio da provincia de Lugo, buscando unha distribución o máis equilibrada posible en atención aos núcleos de poboación, a distribución da poboación e á necesidade de


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 131/181 |

complementar a programación cultural xa organizada nos concellos, nas anpas de centros de ensino, e nas asociacións culturais e veciñais de toda a provincia.

Por esta razón, o servizo de Cultura aposta pola necesidade de innovar, incrementar o movemento económico das industrias culturais, fomentar a protección e conservación do patrimonio cultural, así como polo fomento da actividade social como mecanismo de integración e de benestar social para a nosa poboación, atendendo sempre ás necesidades e demandas dos potenciais clientes culturais do noso territorio provincial: democracia cultural. Así pois, o servizo de Cultura considera que para innovar e incrementar o movemento económico das industrias culturais, a partir da anualidade 2026, non se poderán ofertar nin representar as obras que xa leven 3 anos participando nos Circuítos Teatrais da Deputación de Lugo.

As obrigas/ compromisos das partes:
1.- Consideracións a ter en conta polos grupos teatrais para o Circuíto Teatral Afeccionado.
a) Seren asociacións culturais legalmente constituídas da provincia de Lugo.
b) Non poderán formar parte deste Circuíto de Teatro Afeccionado, as escolas municipais, os grupos escolares ou universitarios e os grupos profesionais.
c) Presentar documentación acreditativa de estar dados de alta no IAE, nunha actividade, acorde coa prestación a desenvolver.
d) Responsabilizarse do cumprimento da normativa legal e hixiénico-sanitaria (se fose o caso) vixente en cada momento para a organización e realización deste tipo de actividades ata o mesmo momento da finalización da actividade, eximíndose a Deputación de Lugo de calquera responsabilidade derivada deste aspecto.
e) Actuar obrigatoriamente co mesmo número de integrantes contratados e de acordo ao custe da actividade que corresponda en cada caso.
f) Realizar as actuacións nos lugares, días e horas establecidos pola Deputación de Lugo (Servizo de Cultura).
g) Expedir as facturas legais correspondentes na porcentaxe preceptiva do custe das actuacións realizadas e contratadas pola Deputación de Lugo (servizo de Cultura), e sempre que se acredite a realización satisfactoria da mesma. O resto da porcentaxe do custe total da actividade deberá correr a cargo da entidade interesada na actividade de Teatro Afeccionado, de acordo á táboa sinalada onde figuran os cachés das representacións teatrais afeccionadas e as porcentaxes que deberán asumir as diferentes tipoloxías de interesados das representacións para este Circuito teatral Afeccionado na anualidade 2025.
h) As obras representadas serán en galego, sendo tamén esta a lingua empregada na publicidade que se faga das funcións. Así mesmo, na difusión das actuacións, calquera que sexa o medio, terá que indicarse – obrigatoriamente- que as funcións forman parte do Circuíto de Teatro Afeccionado organizado pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo – Servizo de Cultura-
i) Os grupos teatrais terán que contar cos seguros pertinentes para a realización das actuacións. A Deputación queda exenta de calquera responsabilidade derivada deste programa, do cumprimento dos protocolos de seguridade – de acordo coa normativa vixente-para a realización deste tipo de actividades e tamén de aquelas outras


| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 132/181 |

derivadas das situacións que se poidan producir non só durante os ensaios (se fose o caso), a propia actuación, senón tamén durante o desprazamento -previo e posterior ás actuacións-.
j) Non poderán participar grupos onde todos os seus integrantes sexan menores de idade. Cando nos grupos teatrais participantes neste circuito de teatro afeccionado existisen membros menores de idade deberá facerse cargo da súa seguridade a persoa responsable do grupo teatral, quedando a Deputación de Lugo eximida de calquera responsabilidade derivada da participación de menores dentro dos grupos teatrais que se presenten a este Programa.
k) Aboar – se fose o caso- os gastos a terceiros que a súa actuación poida xerar (transporte, seguros, equipos para a actuación e material, gastos de persoal, impostos, seguridade social, e calquer outro gasto que puidera derivarse).
l) Achegar- se fose o caso- todo o equipamento técnico necesario para poder levar a cabo a actuación.
ll) Declarar que son coñecedores de que esta programación puidera- en ocasións- estar suxeita ao pago de tarifas de dereitos de propiedade intelectual (dereitos de autor), ben a entidades de xestión de dereitos da propiedade intelectual autorizadas polo Ministerio de Cultura, ou ben a outras entidades; datos dos que teremos que informar correctamente á Unidade xestora do Programa.
m) Para o caso de actuacións / traballo habitual con menores é obrigatorio a presentación dun Certificado de Delitos de Natureza Sexual de acordo co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996 de Protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuizamento Civil e do artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.
n) Presentar un historial do grupo teatral e unha memoria detallada da obra/ou obras a representar, se fose o caso.

2.- Consideracións a ter en conta polas compañías teatrais para o Circuito Teatral Profesional.
a) Seren compañías profesionais de teatro, de carácter privado.
b) Presentar documentación acreditativa de estar dados de alta no IAE, nunha actividade, acorde coa prestación a desenvolver.
c) Responsabilizarse do cumprimento da normativa legal e hixiénico-sanitaria (se fose o caso) vixente en cada momento para a organización e realización deste tipo de actividades ata o mesmo momento da finalización da actividade, eximíndose a Deputación de Lugo de calquera responsabilidade derivada deste aspecto.
d) Realizaren as actuacións nos lugares, días e horas asignados pola Deputación de Lugo (servizo de Cultura)

e) Expedir as facturas legais correspondentes na porcentaxe preceptiva do custe das actuacións realizadas e contratadas á Deputación de Lugo (servizo de Cultura), e sempre que se acredite a realización satisfactoria da mesma. O resto da porcentaxe do custe total da actividade deberá correr a cargo da entidade interesada na actividade de Teatro Profesional, de acordo á táboa sinalada onde figuran os cachés das representacións teatrais profesionais ofertadas e as porcentaxes que deberán asumir as diferentes tipoloxías de interesados nas representacións para este Circuito Teatral Profesional na anualidade 2025.
f) As obras representadas serán en galego, sendo tamén esta a lingua empregada na publicidade que se faga das funcións. Así mesmo, na difusión das actuacións, calquera que sexa o medio, terá que indicarse – obrigatoriamente- que as funcións forman parte do Circuíto de Teatro Profesional organizado pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo – Servizo de Cultura-.
g) As compañías profesionais de teatro terán que contar cos seguros pertinentes para a realización das obras de teatro. A Deputación queda exenta de calquera responsabilidade derivada deste programa, do cumprimento dos protocolos de seguridade – de acordo coa normativa vixente-para a realización deste tipo de actividades e tamén de aquelas outras derivadas das situacións que se poidan producir non só durante os ensaios (se fose o caso), a propia actuación, senón tamén durante o desprazamento -previo e posterior ás actuacións-.
h) Aboar – se fose o caso- os gastos a terceiros que a súa actuación poida xerar (transporte, seguros, equipos para a actuación e material, gastos de persoal, impostos, seguridade social, e calquer outro gasto que puidera derivarse).
i) Achegar- se fose o caso- todo o equipamento técnico necesario para poder levar a cabo a actuación.
j) Declarar que son coñecedores de que esta programación puidera- en ocasións- star suxeita ao pago de tarifas de dereitos de propiedade intelectual, ben a entidades de xestión de dereitos da propiedade intelectual autorizadas polo Ministerio de Cultura, ou ben a outras entidades; datos dos que teremos que informar correctamente á Unidade xestora do Programa.
k) Para o caso de actuacións / traballo habitual con menores é obrigatorio a presentación dun Certificado de Delitos de Natureza Sexual de acordo co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996 de Protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuizamento Civil e do artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.
l) Presentar un historial da compañía e unha memoria detallada da obra/ou obras a representar.

3.- Consideracións a ter en conta por parte dos interesados no Circuíto de Teatro Afeccionado e no Circuíto de Teatro profesional, 2025.
a) Aboar a parte correspondente do caché do grupo/compañía que actúe de acordo coa diferente tipoloxía de interesados, e de acordo ás porcentaxes reflexadas na táboa de cachés xa sinalada. A Deputación reservarase o dereito de requirir, se é o caso, a presentación dos documentos que xustifiquen o pagamento da porcentaxe correspondente que lles deban efectuar os interesados aos grupos teatrais actuantes deste Programa pola realización das súas actuacións. No caso de que algún grupo

teatral actuante comunique ao centro xestor do Programa (servizo de Cultura) que o interesado non lles realizou a porcentaxe do custe correspondente ás súas obrigas- de acordo ás características do Circuíto e a táboa de cachés sinalada para este Circuíto Teatral (Afeccionado e Profesional), a Deputación de Lugo - servizo de Cultura- reservase o dereito de considerar non programar- con este interesado- actividades na vindeira anualidade.
b) Aceptar e asumir todas as obrigas e condicións establecidas no Programa.
c) Expedirlle ao grupo/compañía actuante unha acreditación da materialización satisfactoria da actividade efectuada.
d) Non se poderá facer ningunha modificación na actuación contratada (data/hora/ lugar ou grupo/compañía asignado) sen autorización expresa da Deputación. Por esta razón, de xurdir calquera tipo de inconvinte deberán poñerse en contacto co servizo de Cultura:
Teléfonos de contacto: 982 260256/ 982 260180
e-mails de contacto: cruz.culturaedeporte@deputacionlugo.org.
ana.vigo@deputacionlugo.org
e) Velar polo correcto desenvolvemento da actividade programada, responsabilizándose do cumprimento da normativa legal que sexa de aplicación para este tipo de actividades e/ da hixiénico- sanitaria vixente (se fose o caso), eximíndose a Deputación de Lugo (servizo de Cultura) de calquera responsabilidade derivada deste aspecto.
f) Incluir na cartelaría anunciante da actividade o logotipo da Área de Cultura da Deputación de Lugo

4.- Consideracións a ter en conta por parte da Deputación de Lugo (servizo de Cultura).
a) Aboar a porcentaxe de caché que lle corresponda da actividade contratada nos Circuítos de Teatro Afeccionado e Teatro Profesional 2025, e sempre que se acredite a realización da actuación de forma satisfactoria. No caso de que, por parte dos interesados nas actividades destes circuítos teatrais houbese algún incumprimento económico, a Deputación de Lugo- en ningún caso- aboará o 100 % do custe das actividades realizadas.
b) Solucionar canto inconvinte puidera xurdir para o desenvolvemento do programa.
c) Decidir e distribuír o cronograma espacial e temporal das actividades derivadas destes Circuítos de Teatro, 2025, de acordo coa fundamentación deste Programa de Circuítos Teatrais, 2025.
d) Cantas outras situacións se deriven do contido estrito deste Programa(...)”.

2º.- Visto que existe consignación orzamentaria para desenvolver os Circuitos Teatrais (Afeccionado e Profesional) para a anualidade 2025.

3º.- Resultando que, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

Por todo o dito, a Deputada delegada de Cultura propón– se procede- que pola Xunta de Goberno- se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o Programa dos Circuitos teatrais (Afeccionado e Profesional) para a anualidade 2025, por importe de 215.372,50 €, desglosados do seguinte xeito:

Para asumir o caché das actividades/actuacións destes Circuitos Teatrais: 198.500,00 €.

Para asumir o pago -se fose o caso- dos dereitos de propiedade intelectual (dereitos de autor): 16.872,50 €."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS, MODELOS DE SOLICITUDE E XUSTIFICACIÓN E GASTO DE SUBVENCIÓNS PARA PROMOCIÓN E POTENCIACIÓN DE REPRODUTORAS INSCRITAS NO REXISTRO DEFINITIVO DO LIBRO XENEALÓXICO DA RAZA RUBIA GALEGA NAS EXPLOTACIÓNS DA PROVINCIA DE LUGO, PROGRAMA MARELA 2025.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

"En relación coa Convocatoria e Bases que canalizarán as subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2025, dende á Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade emitiuse informe do seguinte teor:


| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 136/181 |

“*Antecedentes de feito.*

Primeiro.- Tal e como recoñece a Exposición de Motivos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións:
“Unha parte importante da actividade financeira do sector público canalízase a través das subvencións, co obxecto de dar resposta, con medidas de apoio financeiro, a demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas e privadas.
(...).
A austeridade no gasto corrente, a mellor selección das políticas poñendo o énfase nas prioridades de gasto, así como o incremento do control e da avaliación, reduciron paulatinamente as necesidades de financiación do sector público e ampliaron as posibilidades financeiras do sector privado, con efectos dinamizadores sobre a actividade, o crecemento, o desenvolvemento económico, e sobre a creación de emprego.
(...).
Un dos principios que rexe a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, (...), é o da transparencia. (...).
Esta maior transparencia, xunto coa gran variedade de instrumentos que se articulan na lei, redunda de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público subvencional.
Neste sentido, unha maior información acerca das subvencións fará posible eliminar as distorsións e interferencias que puideran afectar ao mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das distintas Administracións públicas evitando calquera tipo de solapamento.
Nesta liña de mellora da eficacia, a lei establece igualmente a necesidade de elaborar un plan estratéxico de subvencións, que introduza unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as súas fontes de financiación, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións con as previsións de recursos dispoñibles, con carácter previo ao seu nacemento e de forma plurianual.
En cumprimento deste mandato, a Deputación Provincial de Lugo aprobou, por Acordo da Xunta de Goberno do 20 de xaneiro de 2023, o Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025 (PES).
Na Liña 13.1 - Agricultura, gandería e pesca, do PES, está previsto, como obxectivo estratéxico, a promoción do desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro e forestal, como sectores estratéxicos da economía da provincia, co fin último de propiciar as condicións óptimas para que se produza unha fixación real da poboación no medio rural.


| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 137/181 |

Asemade, na dita Liña están previstos, como obxectivos específicos, a execución de programas que teñan, entre outras, as finalidades de:
Fomento das producións de calidade, en especial as ligadas á orixe ou ao modo de produción.
Promoción e posta en valor dos nosos produtos agrícolas e gandeiros.
Potenciación dos produtos autóctonos.

Segundo.- Consonte á Base 24ª.3, das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o exercicio 2025, a xestión e concesión de subvencións deberá realizarse de acordo aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Terceiro.- Tendo en conta o anterior, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, mantense o programa de axudas que, dende o ano 2019, se dirixen aos criadores da raza bovina pura Rubia Galega, que teñen por obxecto a cooperación desta Deputación na promoción e potenciación desta raza autóctona, incentivando a inscrición de femias reprodutoras no Rexistro Definitivo do seu Libro Xenealóxico, perseguindo a redución dos custos de produción e o incremento da competitividade das explotacións; para o cal se redactan as súas bases canalizadoras e se elaboran os anexos que constitúen os seus modelos normalizados de solicitude.
As ditas bases inclúen a motivación desta acción de fomento nos termos da súa exposición de motivos:
"A raza Rubia Galega é unha raza bovina autóctona de Galicia, cuxo acervo xenético constitúe unha parte imprescindible dos recursos zooxenéticos autóctonos de Galicia e, en particular, da provincia de Lugo, que concentra a maior parte das explotacións e da cabana gandeira.
Os recursos xenéticos animais endóxenos caracterízanse pola súa perfecta adaptación ao medio ambiente e aos recursos naturais, polo que garanten a conservación dunha contorna medioambiental e o desenvolvemento dos ecosistemas naturais. Neste senso, a raza bovina Rubia Galega supón un recurso xenético de riqueza incalculable dende diversos punto de vista, tanto económicos como sociais e ambientais.
Sen embargo, analizando as derradeiras décadas do medio rural lucense, atopámonos con que o sector gandeiro provincial iniciou, durante os últimos anos, un proceso de diminución do número de explotacións e do censo de animais, en particular, da raza Rubia Galega.
A idade avanzada dos titulares das explotacións, a falta de relevo xeracional, o incremento dos custos de produción e a falta duns prezos dignos e estables do produto final durante todo o ano son os principais factores que dificultan a competitividade do sector gandeiro e, en particular, dos gandeiros dedicados á raza Rubia Galega, que, en moitas ocasións, se ven abocados a pechar as explotacións.
Este descenso de explotacións e animais desta raza bovina, maioritaria na provincia de Lugo, trae consigo importantes consecuencias ambientais e paisaxísticas, limitando a conservación dos ecosistemas naturais e provocando unha modificación da paisaxe rural histórica e, polo tanto, unha perda cultural ligada á desaparición do coñecemento sobre prácticas gandeiras tradicionais condicionadas polo medio


| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 138/181 |

natural específico e do material e recursos xenéticos dos animais autóctonos provinciais.
Cómpre ter en conta que a raza bovina Rubia Galega é o froito da selección, durante séculos, dos animais mellor adaptados aos recursos naturais da zona, así como aos sistemas de manexo e alimentación tradicionais. Existen evidencias da influencia de factores xenéticos sobre as características de rusticidade: resistencia ás oscilacións de temperatura, radiacións solares, esixencias de auga, enfermidades, etc.
Os factores naturais e humanos da zona xeográfica onde a raza está delimitada outorgan características morfolóxicas, funcionais e produtivas aos animais, que se transmiten hereditariamente e que son distintas ás outras poboacións, determinando a diferenciación do produto obtido. En condicións adversas, as razas autóctonas son capaces de obter unha maior produtividade que as razas exóticas e foráneas.
O mantemento desta riqueza gandeira é imprescindible para o desenvolvemento sustentable das áreas rurais, para a fixación de poboación no medio rural e para a conservación dos ecosistemas naturais.
En definitiva, unha xestión axeitada dos recursos xenéticos animais, en particular da raza Rubia Galega, supón a súa conservación para acadar o desenvolvemento sustentable do rural provincial, en especial, as zonas de montaña, e garante aos consumidores características diferenciais en canto á orixe, tradición e calidade do produto final, así como a seguridade alimentaria.
Polo exposto, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade da Deputación Provincial de Lugo, mantense o programa de axudas que, dende o ano 2019, se dirixen aos criadores da raza bovina pura Rubia Galega, que teñen por obxecto a cooperación desta Deputación na promoción e potenciación desta raza autóctona, incentivando a inscrición de femias reprodutoras no Rexistro Definitivo do seu Libro Xenealóxico, perseguindo a redución dos custos de produción e o incremento da competitividade das explotacións.”

*Fundamentos de dereito.*

I. Normativa aplicable.
Ás subvencións que se outorguen pola Deputación Provincial de Lugo regúlanse, en aplicación do disposto no artigo 3 da súa Ordenanza Xeral de Subvencións, por:
A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento (RLXS).
A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).


| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 139/181 |

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo -publicada no BOP nº 009, do 11 de xaneiro de 2024, con modificación publicada no BOP nº 038, do 15 de febreiro do 2024- (OXS).
A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
O Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
A normativa europea (Tratado constitutivo da Unión Europea, art. 87 a 89)
Real Decreto 1755/1987, do 26 de decembro, e disposicións concordantes.
As Bases de Execución do Orzamento e o réxime de delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.
O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo -publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020- (RODPL).
As restantes normas de Dereito Administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

II. Procedemento de concesión.
Ao abeiro dos artigos 19.2 e 22 da LS, sendo que a concesión das subvencións realizarase en función da orde de presentación das solicitudes e atendendo ao cumprimento dos requisitos previstos nas Bases 4 e 7, o procedemento de concesión das subvencións que aquí se informa tramitarase en réxime abreviado de concorrencia competitiva.

III. Convocatoria das subvencións.
A convocatoria que aquí se informa cumpre coas esixencias establecidas nos artigos 20 e seguintes da LSG, matizando que non se prevé a reformulación de solicitudes posto que os eventuais remanentes distribuiranse de conformidade cos criterios establecidos nas propias bases canalizadoras das subvencións.

IV. Requisitos para o outorgamento das subvencións.
Adicionalmente, o dito procedemento de concesión das subvencións cumpre cos requisitos establecidos nos artigos 9.4 da LXS e 6.4 da LSG.
Neste senso, a Base 24ª.4 das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación para o exercicio 2025 establece que "o órgano competente para aprobar as bases da convocatoria pública, así como os criterios e baremos para a súa adxudicación, é a Xunta de Goberno, a proposta do Delegado correspondente."
No expediente consta certificación, emitida pola Sección de Contabilidade e Contas da Unidade de Intervención, de existencia de saldo suficiente, na correspondente aplicación orzamentaria, para a autorización dos gastos que se deriven da resolución do procedemento de concesión das subvencións.
En canto á tramitación do procedemento de concesión, resulta de aplicación o establecido no Capítulo II do Título I da LSG, e na Sección 1ª do Capítulo III da OXS, cuxa regulación se cumpre plenamente na convocatoria e bases obxecto deste informe.


| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 140/181 |

V. Competencia da Deputación para a convocatoria das subvencións.
En canto á competencia da Deputación de Lugo que lexitima a convocatoria destas subvencións, cómpre ter en conta o establecido no artigo 36.1.a) da LRBRL.
Pola súa banda, en relación coa lexislación sectorial que atribúe competencias ás entidades locais, as letras a) e c) do artigo 2.1 da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural, lexitiman á Deputación de Lugo para proceder á convocatoria obxecto deste informe.

VI. Órgano competente para a aprobación da convocatoria e das Bases canalizadoras das subvencións.
Consonte á Base 24ª.4 das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2025, o "órgano competente para aprobar as bases de convocatoria pública, así como os criterios e baremos para a súa adxudicación, é a Xunta de Goberno, a proposta do Delegado correspondente."

VII. Xustificación das contías das axudas reguladas nas Bases e na convocatoria que se informa.
A Base 5 das canalizadoras das subvencións refírese ás contías das subvencións e á súa compatibilidade con outras axudas.
No que á xustificación das súas contías se refire, cómpre ter en conta que este será o sexto ano no que esta entidade vai poñer en marcha este Programa.
Analizando os resultados de anteriores anualidades, pódese concluír que, se ben na primeira anualidade os animais elixibles foron 525, recibindo os seus propietarios, por cada un deles, 380,95 €, o éxito do Programa fixo que o número de animais elixibles fora subindo ano a ano, ata chegar, na anualidade 2023, aos 1.065 e recibindo os seus propietarios, polo tanto, tan só 187,62 €.
É dicir, en unión con outros factores, o Programa cumpriu un dos seus obxectivos: aumentar o número de femias reprodutoras da raza bovina Rubia Galega. Porén, isto levou aparellado que, ao dispoñer do mesmo orzamento, os importes das axudas foran diminuíndo ano a ano.
Por elo, e tendo en conta que os custos de produción aumentaron sensiblemente en tódolos sectores nos últimos anos, dende a Área de Medio Rural e do Mar, estimamos que cómpre, tan sequera, recuperar o valor das axudas outorgadas na primeira edición do Programa. Razón pola que se establece un importe único das axudas de 400 € por animal elixible, ata esgotar o orzamento dispoñible, 250.000 €

Polo exposto, informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios, se acorde pola Xunta de Goberno:


| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 141/181 |

A aprobación da convocatoria do procedemento de concesión das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2025, dotado con 250.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2025.

A aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións, así como os seus modelos de solicitude.

A publicación da citada convocatoria e bases canalizadoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo."

A aprobación do gasto, por importe de 250.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2025."

No expediente consta certificación de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto, por contía de 250.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do vixente Orzamento Xeral, emitida pola Sección I de Orzamentos do Servizo de Contabilidade e Contas.

Consta, ademais, informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, sobre as Bases que rexerán a citada convocatoria e os modelos de solicitude das subvencións.

Á vista das actuacións precedentes, o Servizo de Fiscalización informou favorablemente o expediente o 8 de maio de 2025.

Polo exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobación da convocatoria do procedemento de concesión das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2025, dotado con 250.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2025.

**2º.-** Aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións, así como os seus modelos de solicitude.

**3º.-** A publicación da citada convocatoria e bases reguladoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e portal de internet da Deputación de Lugo.

**4º.-** A aprobación do gasto, por importe de 250.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2025."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**14.- PROPOSTA DE INICIO DO PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE PERDA DE DEREITO E APERTURA DE TRÁMITE DE AUDIENCIA DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2024.**

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

"Vista a documentación obrante no expediente.

Visto o informe emitido polo Servizo de Deportes, do seguinte teor:

Informe relativo á inicio do procedemento de declaración de perda de dereito e apertura de trámite de audiencia.

En relación á subvención concedida por importe de mil novecentos cincuenta e sete euros (1.957,00 €) a Sporting Lucus Padel para Padel; mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2024, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 058 do sábado 09 de marzo de 2024, emite o seguinte, informe:

Primeiro.- Que o Sporting Lucus Padel presentou na sede electrónica da Deputación Provincial con data 31/03/25 17:15 e numero de expediente 2025/PES_03/006067 a conta xustificativa da subvención do procedemento de concorrencia competitiva, anualidade 2024, concedida para Padel, por acordo da Xunta de Goberno de data 28 de xuño de 2024.

Segundo.- Que de acordo co sinalado no punto 11º das Bases reguladoras do concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva na anualidade 2024, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo do día 01 de marzo de 2024, entre a documentación esixida nas xustificacións de aboamento das subvencións atópanse:

Anexo I: Instancia de conta xustificativa.
Anexo II: Memoria de actuación xustificativa (conta xustificativa) sobre cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención, con indicación da duración da actividade e dos resultados obtidos.
Cadro de importes de financiamento.
Declaración do custo total da actividade subvencionada.
Cadro de orzamento inicial e custo total e declaración relativa á desviación producida.
Anexo III: Declaración responsable relativa a:
Relación detallada das subvencións/ axudas ou patrocinios (con ou sen achega económica) obtidos doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade.
I. Que a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.
II. Que a entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
III. Que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.
IV. Autorización ou non do representante legal da entidade para que a Deputación poida solicitar- fronte aos organismos correspondentes- os certificados de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica, Servizo de Recadación Provincial e a Seguridade Social).
V. Que o beneficiario ao que represento:
Asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)" dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
Non asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)"dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
VI. Que a execución da devandita actuación foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que, este extremo, se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.
VII. Que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
VIII. Que se deu cumprimento ao establecido no artigo 31.3 da LXS.
Anexo IV (actividade competitiva/eventos).
Declaración responsable de relación clasificada de gastos e imputación de gastos da actuación subvencionada (custo total da actividade), con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión, data de pagamento, descrición do gasto, así como as contías dos gastos imputados á subvención concedida.

No caso de relacionarse nóminas, deberán vir desglosadas, indicando salario líquido, Seguridade Social e IRPF.
Outra documentación.
Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (xustificantes de gasto), incorporadas na relación clasificada de gastos e que se afecten á Deputación. Ao respecto:
Deberán achegarse todos os xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida.
Do resto xustificantes de gasto, deberá achegarse unha mostra que supoña a seguinte porcentaxe en función do número dos mesmos:
Cando o número de xustificantes de gasto sexa menor ou igual a 10, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 10 % do importe da subvención concedida.
Cando o número de xustificantes de gasto sexa entre 11 e 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 5 % do importe da subvención concedida.
Cando o número de xustificantes de gasto sexa superior a 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 2 % do importe da subvención concedida.
No suposto de que o importe total dos xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida acade o importe total subvencionado non será necesario aportar ningunha mostra das sinaladas.
No relativo aos gastos de combustible, as facturas de gasto deberán reflectir expresamente a matrícula do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.
Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.
A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro

medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo na data ________”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).

A documentación obtida por banca electrónica (descargas de banca en liña) debe estar debidamente acreditada pola entidade bancaria correspondente nos casos en que o órgano xestor así o requira.

Achegar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación (mostraxe), salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa. (Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 € -sen IVE- en servizos e subministracións).

Certificados de estaren ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) ou fronte á Seguridade Social. (De non constar autorización á Deputación para solicitalos e para importes superiores a 3.000,00 euros).

O centro xestor deberá achegar xunto coa documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social (cando conste autorización á deputación para solicitalos e para importes de subvencións superiores a 3.000,00 euros). Non obstante, se é o caso, terase en conta o artigo 24.4 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, segundo o cal poderán acollerse á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social aquelas subvencións nas que a súa contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o numero de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

No seu caso, acreditación da titularidade do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.

No seu caso, declaración responsable de que os gastos de combustible de vehículo de titularidade acreditada da entidade solicitante, foron utilizados expresamente para o

transporte dos elementos ou aparellos imprescindíbeis para a práctica da correspondente disciplina deportiva.

Terceiro.- Que revisada a documentación xustificativa, con data 08/04/2025 14:47 e número de rexistro de saída 2025RPS005512, e de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, formulouse requirimento de emenda de conta xustificativa, para que a entidade beneficiaria no prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte a recepción do referido requirimento, emendase e/ou presentase a seguinte documentación:
Anexo IV. Relación clasificada e imputación de gastos.
Na relación de gastos aparecen os seguintes gastos non subvencionables: manutención, polo que deberá modificar o anexo. Logo de emendar a relación de gastos deberá emendar o custo total, o anexo I, e o anexo II, puntos II e III.
Nas columnas de imputación (porcentaxe e importe) soamente deberá indicar facturas polo importe da subvención concedida.
Anexo I. Instancia.
Logo de modificar a relación de gastos deberá emendar o custo total.
Anexo II. Memoria xustificativa.
Nivel de logros: debe indicar os resultados deportivos.
Cadro de financiamento:
Logo de emendar a relación de gastos deberá modificar os puntos II e III
Punto III:
O orzamento indicado é incorrecto (5.360,00 €).
A factura 2024/24013 da Federación Galega de Pádel de 2845 € non indica o artigo da exención do IVE.

Cuarto.- Visto que consta recepción electrónica do requirimento da conta xustificativa asinada por parte do beneficiario de data 08/04/2025 15:00:14.

Quinto.- Que con data 24/04/2025 20:34:28 e número de expediente 2025/PES_03/006067, e por tanto dentro do prazo de 10 días previsto no referido requirimento, a entidade Sporting Lucus Padel presentou documentación relativa ao requirimento de emenda de conta xustificativa formulado.

Sexto.- Que revisada a documentación presentada pola entidade Sporting Lucus Padel detectase que presenta unha declaracion na que indica: Declaro que no adjunto ningún soporte documental donde se cumpra ca obriga de incluír a imaxe corporativa

da Area de Deportes da Excma. Deputación Provincial de Lugo xa que non se fixeron camisetas, nin temos RRSS, nin se realizaron publicacións.

Sétimo.- Tendo en conta o punto 3 das bases da convocatoria, Requisitos que deberán reunir as entidades beneficiarias,3.a Obrigas dos beneficiarios, letra j:
Os clubs e entidades beneficiarias da subvención incluirán a imaxe corporativa da área de deportes da Excma. Deputación Provincial e utilizarán o idioma galego en todos aqueles soportes que ao uso as entidades utilicen para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado. Así mesmo, utilizarán o idioma galego a nivel verbal en todos aqueles actos do plan de comunicación da actividade ou comportamento. A imaxe será cedida pola Institución Provincial.
Tendo en conta o punto 8 das bases das bases da convocatoria, de As solicitudes: Presentación, prazos, lugar de presentación, órgano ao que se dirixe a petición e documentación a presentar, entre a documentación presentada pola entidade Sporting Lucus Padel para a solicitude de subvención para a anualidade 2024, en expediente de numero 2024/CCP_01/000418, consta:
Anexo 1: Instancia de solicitude, mediante modelo normalizado:
(...)
Compromiso de incluír a imaxe corporativa da Área de Deportes da Excma. Deputación Provincial e utilizar o idioma galego en todos aqueles soportes que ao uso as entidades utilicen para publicitar a actividade subvencionada. Así mesmo, utilizarán o idioma galego a nivel verbal en todos aqueles actos do plan de comunicación da actividade ou comportamento, de acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016.
(...)
Á vista do desenvolvemento da actividade competitiva declarada pola entidade solicitante, pola que ha de concluírse que puidera facer uso de indumentaria, carteleria, comunicación, accións en redes sociais ou calquera outro soporte da actividade realizada de acordo á memoria formulada na respectiva conta xustificativa.
Tendo en conta o punto 11. Xustificación e aboamento das subvencións, a conta xustificativa simplificada, que deberá conter, a seguinte documentación, entre outros:
Anexo III: Declaración responsable relativa a:
VI. Que a execución da devandita actuación foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que, este extremo, se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.
Que o beneficiario Sporting Lucus Padel presenta o Anexo III en expediente numero 2025/PES_03/006067 e numero de rexistro 2025RT006645, Declaración responsable na que no punto VI indica que: Que a execución da devandita actuación foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que, este extremo, se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.
Visto por tanto que se produce contradición entre o contido e actuación declarada no Anexo III indicado, e a declaración responsable presentada na que se indica que "Declaro que no adjunto ningún soporte documental donde se cumpra ca obriga de


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 148/181 |

incluír a imaxe corporativa da Area de Deportes da Excma. Deputación Provincial de Lugo xa que non se fixeron camisetas, nin temos RRSS, nin se realizaron publicacións." e que por tanto, cabería concluír que non se cumpriría co requisito asumido no Anexo I de solicitude e previsto nas bases da convocatoria respecto do punto VI da declaracion responsable citada.

Visto que ao abeiro das bases da convocatoria se procedeu ao tramite de requirimento da conta xustificativa previsto no punto 12º , no que se advertía que a falta de presentación de xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención e, tamén ao reintegro da contía anticipada e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, de conformidade con canto se establece na Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no artigo 34.3 da Lei 38/2003. do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Visto o regulado no artigo 89 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no que se sinala que se producirá a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de Subvencións, e así mesmo que o procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro da subvención será o menos que para o de reintegro de subvención, establecido no artigo 42 da Lei xeral de Subvencións, e o previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Visto o previsto na base 12. Prazos de xustificación das bases da convocatoria para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2024, na que se prevé que na declaración de perda de dereito ou ben o reintegro das cantidades percibidas deberá tramitarse o correspondente procedemento con audiencia do interesado.

Por todo o exposto, e a xuízo do informante, cumpridos os trámites previstos, procede tramitar o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito e apertura de trámite de audiencia en relación ao cobro total da subvención concedida a Sporting Lucus Padel por importe de mil novecentos cincuenta e sete euros (1.957,00 €) para Padel, mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024, polo que se resolve o concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva na anualidade 2024, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 058 do sábado 09 de marzo de 2024.

O Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** Iniciar o procedemento de declaración de perda de dereito e apertura de trámite de audiencia da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024, polo cal se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2024, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 058 do sábado 09 de marzo de 2024.

**2º.-** En cumprimento do antedito, do regulado no art. 89 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, notificar ao beneficiario Sporting Lucus Padel, o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito ao cobramento a beneficiarios de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2024, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024 e a apertura do respectivo trámite de audiencia, para que no prazo de dez (10) días poida alegar e presentar os documentos e as xustificacións que considere pertinentes, ou no seu caso, antes do vencemento do prazo, manifestación da súa decisión de non efectuar alegacións nin presentar novos documentos ou xustificacións."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E DAS BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO, COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A SUPERIOR PROTOCOLO, DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023- APARTADO 1 IB) TAXA ESPECÍFICA Á QUE SE REFIRE A LOXE 2023, ART. 20.DOS.4, IB1) RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, IB)1.1. COTA XERAL, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"1. Obxecto da convocatoria.
O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente a praza do cadro de persoal funcionario que a continuación se indica, vacante e dotada, incluída na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia do 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15.01.2024 (BOP núm. 015, do

18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), figura no apartado 1 IB) Taxa específica á que se refire a LOXE 2023, art. 20.DOS.4, IB) 1 Réxime xurídico administrativo, IB)1.1. cota xeral, polo sistema de concurso- oposición libre e aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2. Caracterización da praza.

| Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN | OEP | Nº PRAZA | DENOMINACIÓN PRAZA | Nº POSTO | DENOMINACIÓN POSTO | CLASIFICACIÓN | GRUPO SUBGRUPO | COTA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2.023 | 51 | TÉCNICO/A SUPERIOR PROTOCOLO | 1757 | TÉCNICO/A SUPERIOR PROTOCOLO ENTRADA | Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores | A-A1 | Xeral |

3. Normativa de aplicación.
As convocatorias e as bases dos procesos selectivos para o ingreso como persoal funcionario están sometidos a normativa vixente:
Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).
Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).
Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).
Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.
Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.
Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.
Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 3.09.2020).

Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Entidade (BOP núm. 226, do 30.09.2006) da Deputación Provincial de Lugo.
Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 026 do 31.01.1991) e as súas posteriores modificacións.
Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).
Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCP).

4. Consideracións xurídicas e técnicas.
a) Convocatoria.
A praza que se pretende convocar esta incluída na oferta de emprego público do ano 2023 Apartado 1 IB) Taxa específica á que se refire a LOXE 2023, art. 20.dos.4, non estando caducada por non transcorrer o prazo de tres anos dende a súa publicación no BOP, figurando no cadro de persoal funcionario como vacante dotada, cumpríndose o sinalado no:
Artigo 70 do TRLEBEP, que sinala: "(…) a execución da Oferta de Emprego Público (...) deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos".
Artigo 91.2 da LRBRL "a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de (…), oposición ou concurso-oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade".
b) Sistema selectivo.
O Sistema selectivo ao que debe acudirse é o concurso - oposición, cumprindo a normativa e acordos que a continuación se sinalan:
Artigo 61.6 do TRLEBEP: "os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición (…). Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso (…)".
Artigo 171.2 do TRRL: "O ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso-oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva, e requirirase estar en posesión do título académico ou profesional correspondente á clase ou especialidade de que se trate…".
Artigo 8.3 do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos (BOP núm. 226, do 30.09.2006), quesinala:
"Na Subescala Técnica (clase superior, media e auxiliar) poderá optarse polo sistema selectivo de concurso-oposición só en casos excepcionais, de forma motivada e sempre que respondan a unha situación específica e concreta das prazas que se convoquen e non pola súa soa natureza ou que esixan experiencia, habilidades e aptitudes propias da praza ou méritos moi específicos que deban ser acreditados necesariamente na fase de concurso".
Acordo alcanzado na Mexa Xeral de Negociación, do 11 de outubro de 2018, coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da Entidade, de xeito unánime, tense establecido que os procesos selectivos de prazas, correspondentes a acceso libre e recollidas nas Ofertas

de Emprego Público, sempre que así se estableza na normativa de aplicación utilizarase preferentemente o sistema selectivo de concurso-oposición.
Motívase e fundaméntase a decisión de acudir ao concurso-oposición nos seguintes aspectos:
a) A valoración da experiencia profesional adquirida polas persoas aspirantes no desempeño das funcións que se corresponden co posto de traballo vinculado á praza que se convoca (xa fora esta adquirida ao servizo da Deputación Provincial de Lugo ou doutra Administración pública, ou incluso en entidades privadas) presupón unha maior garantía dun mellor desempeño do traballo das persoas aspirantes, a igualdade de coñecementos acreditados na fase de oposición, o que redundará en beneficio da organización ao precisarse menor tempo de adaptación aos requirimentos do posto para o seu desempeño eficaz e eficiente.
b) Do mesmo xeito, a formación específica, sexa regulada ou complementaria, previa ao ingreso, relacionada coas funcións e tarefas da praza que se convoca e do seu correspondente posto de traballo, tamén é beneficioso para o desempeño destas.
c) Grupo/subgrupo e clasificación.
A praza de Técnico/a superior protocolo, figura encadrada na escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores (art. 167 TRRL), grupo de clasificación A, subgrupo A1 (art. 76 TRLEBEP).
d) Requisitos de participación.
As persoas aspirantes deberán cumprir os requisitos sinalados no artigo 56 do TRLEBEP e posuír a titulación académica de: Grao en protocolo e organización de eventos ou titulacións académicas equivalentes.
e) Aprobación da convocatoria e bases.
A convocatoria e a aprobación das bases específicas deberá realizarse por acordo da Xunta de Goberno conforme ao establecido no art. 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.
As bases xerais que rexerán o proceso selectivo son as aprobadas pola Xunta de Goberno, de data 12.03.2021, e publicadas no BOP núm. 101, do 6 de maio de 2021.
f) Cumprimento da legalidade.
O procedemento selectivo:
a) Garante a libre concorrencia así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:
Artigo 55.1 do TRLEBEP: "todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico".
Artigo 55.2 do TRLEBEP: "as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e

laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:
a) Publicidade das convocatorias e das súas bases.
b) Transparencia.
c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.
Artigo 61.1 do TRLEBP: “os procesos selectivos terán carácter aberto, garantindo a libre concorrencia sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas.
b) Recolle o contido esixido no RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
c) Respectan a porcentaxe máxima para a fase de concurso (40% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo) sinalada respecto da puntuación total que se determina o artigo 56, apartado 3 da LEPG.

5. Proposta de acordo.
Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 3.09.2020, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso – oposición libre, para o ingreso como persoal funcionario, na Deputación Provincial de Lugo, na seguinte praza vacante, dotada orzamentariamente e incluída na oferta pública de emprego do ano 2023– apartado 1 IB) Taxa específica á que se refire a LOXE 2023, art. 20.dos.4, IB)1 Réxime xurídico administrativo, IB)1.1. Cota xeral, polo sistema de concurso - Oposición libre (BOP núm. 298, do 30.12.2023):

| Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN | OEP | Nº PRAZA | DENOMINACIÓN PRAZA | Nº POSTO | DENOMINACIÓN POSTO | CLASIFICACIÓN | GRUPO SUBGRUPO | COTA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2.023 | 51 | TÉCNICO/A SUPERIOR PROTOCOLO | 1.757 | TÉCNICO/A SUPERIOR PROTOCOLO ENTRADA | Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores | A-A1 | Xeral |

As bases específicas complementarán as bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12 de marzo de 2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

**2º.-** Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.

| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 154/181 |

**3º.-** Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E DAS BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO, COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA DELINEANTE, DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023- APARTADO SEGUNDO REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTAS EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022, A. RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, A.1. COTA XERAL, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"1. Obxecto da convocatoria.
O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente a praza do cadro de persoal funcionario que a continuación se indica, vacante e dotada, incluída na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia do 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15.01.2024 (BOP núm. 015, do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), figura no apartado segundo refundición prazas oferta emprego taxa xeral acceso libre anos 2021 e 2022, A. réxime xurídico administrativo, A.1 cota xeral e aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 155/181 |

2. Caracterización da praza.

| Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN | OEP | Nº PRAZA | DENOMINACIÓN PRAZA | Nº POSTO | DENOMINACIÓN POSTO | CLASIFICACIÓN | GRUPO SUBGRUPO | COTA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2.023 | 367 | Delineante | 1.623 | Delineante Entrada | Escala de administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares | C-C1 | Xeral |

3. Normativa de aplicación.
As convocatorias e as bases dos procesos selectivos para o ingreso como persoal funcionario están sometidos a normativa vixente:
Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).
Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).
Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).
Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.
Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.
Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.
Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 3.09.2020).
Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Entidade (BOP núm. 226, do 30.09.2006) da Deputación Provincial de Lugo.
Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 026 do 31.01.1991) e as súas posteriores modificacións.
Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).
Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCP).

4. Consideracións xurídicas e técnicas.
A) Convocatoria.
A praza que se pretende convocar esta incluída na oferta de emprego público do ano 2023– apartado segundo refundición prazas ofertas emprego taxa xeral acceso libre

anos 2021 E 2022, non estando caducada por non transcorrer o prazo de tres anos dende a súa publicación no BOP, figurando no cadro de persoal funcionario como vacante dotada, cumpríndose o sinalado no:
Artigo 70 do TRLEBEP, que sinala: "(…) a execución da Oferta de Emprego Público (...) deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos".
Artigo 91.2 da LRBRL "a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de (…), oposición ou concurso-oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade".
B) Sistema selectivo.
O Sistema selectivo ao que debe acudirse é o concurso - oposición, cumprindo a normativa e acordos que a continuación se sinalan:
Artigo 61.6 do TRLEBEP: "os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición (…). Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso (…)".
Artigo 171.2 do TRRL: "O ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso-oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva, e requirirase estar en posesión do título académico ou profesional correspondente á clase ou especialidade de que se trate…".
Artigo 8.3 do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos (BOP núm. 226, do 30.09.2006), que sinala:
"Na Subescala Técnica (clase superior, media e auxiliar) poderá optarse polo sistema selectivo de concurso-oposición só en casos excepcionais, de forma motivada e sempre que respondan a unha situación específica e concreta das prazas que se convoquen e non pola súa soa natureza ou que esixan experiencia, habilidades e aptitudes propias da praza ou méritos moi específicos que deban ser acreditados necesariamente na fase de concurso".
Acordo alcanzado na Mexa Xeral de Negociación, do 11 de outubro de 2018, coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da Entidade, de xeito unánime, tense establecido que os procesos selectivos de prazas, correspondentes a acceso libre e recollidas nas Ofertas de Emprego Público, sempre que así se estableza na normativa de aplicación utilizarase preferentemente o sistema selectivo de concurso-oposición.
Motívase e fundaméntase a decisión de acudir ao concurso-oposición nos seguintes aspectos:
a) A valoración da experiencia profesional adquirida polas persoas aspirantes no desempeño das funcións que se corresponden co posto de traballo vinculado á praza

que se convoca (xa fora esta adquirida ao servizo da Deputación Provincial de Lugo ou doutra Administración pública, ou incluso en entidades privadas) presupón unha maior garantía dun mellor desempeño do traballo das persoas aspirantes, a igualdade de coñecementos acreditados na fase de oposición, o que redundará en beneficio da organización ao precisarse menor tempo de adaptación aos requirimentos do posto para o seu desempeño eficaz e eficiente.
b) Do mesmo xeito, a formación específica, sexa regulada ou complementaria, previa ao ingreso, relacionada coas funcións e tarefas da praza que se convoca e do seu correspondente posto de traballo, tamén é beneficioso para o desempeño destas.
C) Grupo/subgrupo e clasificación.
A praza de Delineante, figura encadrada na escala de Administración Especial, subescala técnica, técnicos auxiliares (art. 167 TRRL), grupo de clasificación C, subgrupo C1 (art. 76 TRLEBEP).
D) Requisitos de participación.
As persoas aspirantes deberán cumprir os requisitos sinalados no artigo 56 do TRLEBEP e posuír a titulación académica de: Títulos de Formación Profesional (LOE) de Grao Superior: Familia profesional de edificación e obra civil: Técnico/a superior en proxecto de obra civil ou Técnico/a superior proxecto edificación; Familia profesional de fabricación mecánica: Técnico/a Superior en Construcións Metálicas; Técnico/a Superior en Deseño e Fabricación Mecánica; Familia profesional de instalación e mantemento: Técnico/a Superior en Desenvolvemento de Proxectos de Instalacións Térmicas e de Fluídos; Títulos de Formación Profesional (LOGSE ou LEI 14/1970 xeral de educación) equivalentes aos anteriores, ou calquera outro que habilite para exercer as actividades profesionais dun delineante.
E) Aprobación da convocatoria e bases.
A convocatoria e a aprobación das bases específicas deberá realizarse por acordo da Xunta de Goberno conforme ao establecido no art. 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.
As bases xerais que rexerán o proceso selectivo son as aprobadas pola Xunta de Goberno, de data 12.03.2021, e publicadas no BOP núm. 101, do 6 de maio de 2021.
F) Cumprimento da legalidade.
O procedemento selectivo:
a) Garante a libre concorrencia así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:
Artigo 55.1 do TRLEBEP: “todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”.
Artigo 55.2 do TRLEBEP: “as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:
a) Publicidade das convocatorias e das súas bases.
b) Transparencia.
c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.


| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 158/181 |

e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.
Artigo 61.1 do TRLEBP: “os procesos selectivos terán carácter aberto, garantindo a libre concorrencia sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas.
b) Recolle o contido esixido no RD 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
c) Respectan a porcentaxe máxima para a fase de concurso (40% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo) sinalada respecto da puntuación total que se determina o artigo 56, apartado 3 da LEPG.

5. Proposta de acordo.
Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 3.09.2020, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso – oposición libre, para o ingreso como persoal funcionario, na Deputación Provincial de Lugo, na seguinte praza vacante, dotada orzamentariamente e incluída na oferta pública de emprego do ano 2023 – apartado segundo refundición prazas ofertas emprego taxa xeral acceso libre anos 2021 E 2022, A. réxime xurídico administrativo, A.1 Cota xeral, polo sistema de concurso - oposición libre (BOP núm. 298, do 30.12.2023):

| Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN | OEP | Nº PRAZA | DENOMINACIÓN PRAZA | Nº POSTO | DENOMINACIÓN POSTO | CLASIFICACIÓN | GRUPO SUBGRUPO | COTA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2.023 | 367 | Delineante | 1.623 | Delineante Entrada | Escala de administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares | C-C1 | Xeral |

As bases específicas complementarán as bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12 de marzo de 2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

**2º.-** Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.

**3º.-** Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes..”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, DE CATRO (4) PRAZAS DENOMINADAS AUXILIAR, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023-APARTADO SEGUNDO REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTAS DE EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022, A. RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, A.1 COTA XERAL, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“1. Obxecto da convocatoria.
O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente as prazas do cadro de persoal funcionario que se indican no apartado 2 da presente proposta, vacantes e dotadas orzamentariamente, incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15.01.2024 (BOP núm. 015, do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), figuran no apartado segundo refundición prazas oferta emprego taxa xeral acceso libre anos 2021 e 2022, A. réxime xurídico administrativo, A.1 Cota xeral e aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais publicadas no BOP núm. 101 do 06.05.2021.

2. Caracterización das prazas.

| Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN | OEP | Nº PRAZA | DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO | Nº POSTO | CLASIFICACIÓN | GRUPO SUBGRUPO | COTA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 4 | 2.023 | 959 | AUXILIAR/ AUXILIAR ENTRADA | 1.641 | Escala de administración xeral, subescala auxiliar | C-C2 | Xeral |
| | | 957 | | 1.637 | | | |
| | | 956 | | 1.636 | | | |
| | | 582 | | 663 | | | |

3.- Sistema selectivo.
Con base no disposto no artigo 169.2 do RDL 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local, que establece "(...) O ingreso na Subescala Auxiliar farase por oposición libre (...)", o sistema selectivo será o de oposición libre.

4. Normativa de aplicación.
As convocatorias e as bases dos procesos selectivos para o ingreso como persoal funcionario están sometidos a normativa vixente:
Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
Lei 30/1984, do 2 de agosto de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).
Real decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
Real decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TRLEBEP).
Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (ET).
Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG).
Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.
Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Entidade (BOP número 226, do 30.09.2006) da Deputación Provincial de Lugo.
Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.
Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.
Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 03.09.2020)
Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 026, do 31.01.1991) e as súas posteriores modificacións.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).
Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCP).

5. Consideracións xurídicas e técnicas.
A) Convocatoria.
O artigo 70 da TREBEP sinala que "As necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proverse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da Oferta de Emprego Público (...) o que comportará a obriga de convocar os correspondentes procesos selectivos (...). En todo caso, a execución da Oferta de Emprego Público (...) deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos".
O artigo 91.2 da LBRL sinala que "A selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa Oferta de Emprego Público, mediante convocatoria pública e a través dos sistema de concurso, oposición ou concurso oposición libre nos que se garente, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade mérito e capacidade, así como o de publicidade".
Neste sentido indicar que as prazas que se pretenden convocar compren todo o sinalado na normativa de aplicación para poder ser convocadas:
Están incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15.01.2024 (BOP núm. 015, do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), figuran no apartado segundo refundición prazas oferta emprego taxa xeral acceso libre anos 2021 e 2022, A. réxime xurídico administrativo, a.1 cota xeral.
Figuran no cadro de persoal funcionario da Entidade como prazas vacantes dotadas orzamentariamente.
Non transcorrer o prazo improrrogable de 3 anos para poder ser convocadas.
B) Sistema selectivo.
O artigo 61.6 do TREBEP establece que : "os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición (…). Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso (…)".
Real Decreto Lexislativo 781/1986 que no seu artigo 169.2.b) sinala que "O ingreso na Subescala Auxiliar farase por oposición libre (…)".
Ao non estar derrogado o establecido no Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril e estarse a falar de Administración Local debe utilizarse a oposición como sistema selectivo.
C) Grupo/subgrupo e clasificación.
As prazas de Auxiliar figuran encadradas na escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar (Art. 167 TRRL), Grupo de clasificación C, subgrupo C2 (Art. 76 TRLEBEP).
D) Aprobación da convocatoria e bases.

A convocatoria e a aprobación das bases específicas deberá realizarse por acordo da Xunta de Goberno conforme ao establecido no art. 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.
As bases xerais que rexerán o proceso selectivo son as aprobadas pola Xunta de Goberno, de data 12.03.2021, e publicadas no BOP núm. 101, do 6.05.2021.
E) Cumprimento da legalidade.
Artigo 55.1 do TRLEBEP, "todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico"
Artigo 55.2, "as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:
a) Publicade das convocatorias e das súas bases.
Transparencia.
b) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
c) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
d) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
e) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.".
Artigo 61.1, "os procesos selectivos terán carácter aberto, garantindo a libre concorrencia sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas".
As bases compren a lexislación vixente asegurando a libre concorrencia e os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

6. Proposta de acordo.
Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 3.09.2020, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de oposición libre, para o ingreso como persoal funcionario, na Deputación Provincial de Lugo, de catro (4) prazas de Auxiliar da Escala de Administración Xeral, Subescala auxiliar, Grupo C- Subgrupo C2 que a continuación se sinalan, vacantes, dotadas orzamentariamente e incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) da

Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15.01.2024 (BOP núm. 015, do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), que figuran no apartado segundo refundición prazas oferta emprego taxa xeral acceso libre anos 2021 e 2022, A. réxime xurídico administrativo, A.1 cota xeral:

| Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN | OEP | Nº PRAZA | DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO | Nº POSTO | CLASIFICACIÓN | GRUPO SUBGRUPO | COTA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 4 | 2.023 | 959 | AUXILIAR/ AUXILIAR ENTRADA | 1.641 | Escala de administración xeral, subescala auxiliar | C-C2 | Xeral |
| | | 957 | | 1.637 | | | |
| | | 956 | | 1.636 | | | |
| | | 582 | | 663 | | | |

As bases específicas complementarán as bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12 de marzo de 2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

**2º.-** Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.

**3º.-** Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**18.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO, COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA MAQUINISTA-CONDUTOR/A, DE PERSOAL LABORAL FIXO NA DEPUTACIÓN DE LUGO, COTA XERAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023- APARTADO SEGUNDO REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTAS EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022, B. RÉXIME XURÍDICO LABORAL, B.1. COTA XERAL.POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"1. Obxecto da convocatoria.
O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente a praza do cadro de persoal laboral que a continuación se indica,

vacante e dotada, incluída na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia do 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15.01.2024 (BOP núm. 015, do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), figura no apartado segundo refundición prazas oferta emprego taxa xeral acceso libre anos 2021 e 2022, B. réxime xurídico laboral, B.1 cota xeral e aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2. Caracterización da praza.

| Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN | OEP | Nº PRAZA | DENOMINACIÓN PRAZA | Nº POSTO | DENOMINACIÓN POSTO | GRUPO SUBGRUPO | COTA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2.023 | 3.344 | MAQUINISTA-CONDUTOR/A | 1.634 | MAQUINISTA-CONDUTOR/A ENTRADA | C-C2 | Xeral |

3. Normativa de aplicación.
As convocatorias e as bases dos procesos selectivos para o ingreso como persoal laboral están sometidos á normativa vixente:
Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).
Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).
Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores (ET).
Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).
Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.
Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.


| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 165/181 |

Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.
Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 3.09.2020).
Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Entidade (BOP núm. 226, do 30.09.2006) da Deputación Provincial de Lugo.
Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 026, do 31.01.1991) e as súas posteriores modificacións.
Convenio colectivo para persoa laboral da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 200, do 30.08.1990) e as súas posteriores modificacións.
Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).
Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCP).

4. Consideracións xurídicas e técnicas.
A) Convocatoria.
A praza que se pretende convocar esta incluída na oferta de emprego público do ano 2023 – apartado segundo. refundición prazas oferta emprego taxa xeral acceso libre anos 2021 e 2022, non estando caducada por non transcorrer o prazo de tres anos dende a súa publicación no BOP, figurando no cadro de persoal laboral como vacante dotada, cumpríndose o sinalado no:
Artigo 70 do TRLEBEP, que sinala: "(…) a execución da Oferta de Emprego Público (...) deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos".
Artigo 91.2 da LRBRL "a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de (…), oposición ou concurso-oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade".
B) Sistema selectivo.
O Sistema selectivo ao que debe acudirse é o concurso - oposición, cumprindo a normativa e acordos que a continuación se sinalan:
O Artigo 31.2 do Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo: "Toda selección de persoal laboral fixo deberá realizarse de conformidade con dita Oferta (Oferta de Emprego Público) mediante convocatoria pública e a través dos sistemas de concurso, oposición ou concurso – oposición nos que se garanta os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade"
Artigo 61.6 do TRLEBEP: "os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición (…). Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso (…)".
Artigo 171.2 do TRRL: "O ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso-oposición libre, segundo acorde a Corporación

respectiva, e requirirase estar en posesión do título académico ou profesional correspondente á clase ou especialidade de que se trate…”.
Artigo 8.4 do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos (BOP núm. 226, do 30.09.2006), que sinala:
“Na Subescala de Servizos Especiais as prazas de Labores Especiais se provistarán así mesmo polo sistema de oposición libre con carácter xeral, salvo nos supostos debidamente motivados, en que a aptitude específica propia desta Subescala esixa coñecementos, habilidades e aptitudes que deban ser acreditados necesariamente na fase de concurso, nese caso o procedemento de selección será o concurso-oposición.”.
Acordo alcanzado na Mexa Xeral de Negociación, do 11 de outubro de 2018, coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da Entidade, de xeito unánime, tense establecido que os procesos selectivos de prazas, correspondentes a acceso libre e recollidas nas Ofertas de Emprego Público, sempre que así se estableza na normativa de aplicación utilizarase preferentemente o sistema selectivo de concurso-oposición.
Motívase e fundaméntase a decisión de acudir ao concurso-oposición nos seguintes aspectos:
a) A valoración da experiencia profesional adquirida polas persoas aspirantes no desempeño das funcións que se corresponden co posto de traballo vinculado á praza que se convoca (xa fora esta adquirida ao servizo da Deputación Provincial de Lugo ou doutra Administración pública, ou incluso en entidades privadas) presupón unha maior garantía dun mellor desempeño do traballo das persoas aspirantes, a igualdade de coñecementos acreditados na fase de oposición, o que redundará en beneficio da organización ao precisarse menor tempo de adaptación aos requirimentos do posto para o seu desempeño eficaz e eficiente.
b) Do mesmo xeito, a formación específica, sexa regulada ou complementaria, previa ao ingreso, relacionada coas funcións e tarefas da praza que se convoca e do seu correspondente posto de traballo, tamén é beneficioso para o desempeño destas.
C) Grupo/ subgrupo e clasificación.
A praza de maquinista-condutor/a que pertence ao grupo C, subgrupo C2 (art. 76 do TREBEP por remisión do Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo).
D) Requisitos de participación.
As persoas aspirantes deberán cumprir os requisitos sinalados no artigo 56 do TRLEBEP e posuír a titulación académica de: Graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria, Graduado Escolar, Formación Profesional de primeiro grao ou equivalente, así mesmo requírese estar en posesión dos permisos de condución tipo A, B, C e C+E.


| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 167/181 |

E) Aprobación da convocatoria e bases.
A convocatoria e a aprobación das bases específicas deberá realizarse por acordo da Xunta de Goberno conforme ao establecido no art. 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.

As bases xerais que rexerán o proceso selectivo son as aprobadas pola Xunta de Goberno, de data 12.03.2021, e publicadas no BOP núm. 101, do 6 de maio de 2021.
F) Cumprimento da legalidade.
O procedemento selectivo:
a) Garante a libre concorrencia así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:
Artigo 55.1 do TRLEBEP: "todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico".
Artigo 55.2 do TRLEBEP: "as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:
a) Publicidade das convocatorias e das súas bases.
b) Transparencia.
c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.".
Artigo 61.1 do TRLEBP: "os procesos selectivos terán carácter aberto, garantindo a libre concorrencia sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas".
a) Recolle o contido esixido no RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
b) Respectan a porcentaxe máxima para a fase de concurso (40% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo) sinalada respecto da puntuación total que se determina o artigo 56, apartado 3 da LEPG.

5. Proposta de acordo.
Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso – oposición libre, para o ingreso como persoal laboral, na Deputación Provincial de Lugo, na seguinte praza vacante, dotada orzamentariamente e incluída na Oferta pública de emprego do ano 2023 – apartado segundo refundición


| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 168/181 |

prazas oferta emprego taxa xeral acceso libre anos 2021 E 2022, B. Réxime xurídico laboral, B.1 cota xeral, polo sistema de concurso - oposición libre (BOP núm. 298, do 30.12.2023):

| Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN | OEP | Nº PRAZA | DENOMINACIÓN PRAZA | Nº POSTO | DENOMINACIÓN POSTO | GRUPO SUBGRUPO | COTA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2.023 | 3.344 | MAQUINISTA-CONDUTOR/A | 1.634 | MAQUINISTA-CONDUTOR/A ENTRADA | C-C2 | Xeral |

As bases específicas complementarán as bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12 de marzo de 2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

**2º.-** Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.

**3º.-** Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**19.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO, COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, DE TRES (3) PRAZAS DENOMINADAS PEÓN/A REPARACIÓN VIAS PROVINCIAIS, COTA XERAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023-APARTADO SEGUNDO.REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTAS EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022, B. RÉXIME XURÍDICO LABORAL, B.1. COTA XERAL.POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"1. Obxecto da convocatoria.
O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente as prazas do cadro de persoal laboral que a continuación se indican,

vacantes e dotadas, incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15.01.2024 (BOP núm. 015, do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), figura no apartado segundo refundición prazas oferta emprego taxa xeral acceso libre anos 2021 e 2022, B. réxime xurídico laboral, B.1 cota xeral e aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2. Caracterización da praza.

| Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN | OEP | Nº PRAZA | DENOMINACIÓN PRAZA | Nº POSTO | DENOMINACIÓN POSTO | GRUPO SUBGRUPO | COTA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 3 | 2.023 | 3.343 | Peón/a reparación vías provinciais | 1.640 | Peón/a reparación vías provinciais entrada | AP | Xeral |
| | | 3.342 | | 1.639 | | | |
| | | 3.341 | | 1.638 | | | |

3. Normativa de aplicación.
As convocatorias e as bases dos procesos selectivos para o ingreso como persoal laboral están sometidos a normativa vixente:
Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
Lei 30/1984, do 2 de agosto de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).
Real decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
Real decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TRLEBEP).
Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (ET).
Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG).
Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.
Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Entidade (BOP núm. 226, do 30.09.2006) da Deputación Provincial de Lugo.
Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.
Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.
Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 03.09.2020)

| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 170/181 |

Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 026, do 31.01.1991) e as súas posteriores modificacións.
Convenio colectivo para persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 200, do 30.08.1990) e as súas posteriores modificacións.
Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).
Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCP).

4. Consideracións xurídicas e técnicas.
A) Convocatoria.
As prazas que se pretenden convocar están incluídas na oferta de emprego público do ano 2023 – apartado segundo refundición prazas ofertas emprego taxa xeral acceso libre anos 2021 e 2022, non estando caducadas por non transcorrer o prazo de tres anos dende a súa publicación no BOP, figurando no cadro de persoal laboral como vacantes dotadas, cumpríndose o sinalado no:
Artigo 70 do TRLEBEP, que sinala: "(…) a execución da Oferta de Emprego Público (...) deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos".
Artigo 91.2 da LRBRL "a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de (…), oposición ou concurso-oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade".
B) Sistema selectivo.
O Sistema selectivo ao que debe acudirse é o concurso - oposición, cumprindo a normativa e acordos que a continuación se sinalan:
O Artigo 31.2 do Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo: "Toda selección de persoal laboral fixo deberá realizarse de conformidade con dicha Oferta (Oferta de Emprego Público) mediante convocatoria pública e a través dos sistemas de concurso, oposición ou concurso – oposición nos que se garanta os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade"
Artigo 61.6 do TRLEBEP: "os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición (…). Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso (…)".
Artigo 171.2 do TRRL: "O ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso-oposición libre, segundo acorde a Corporación

respectiva, e requirirase estar en posesión do título académico ou profesional correspondente á clase ou especialidade de que se trate…".
Artigo 8.4 do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos BOP núm. 226, do 30.09.2006), que sinala:
"Na Subescala de Servizos Especiais as plazas de Labores Especiais se provistarán así mesmo polo sistema de oposición libre con carácter xeral, salvo nos supostos debidamente motivados, en que a aptitude específica propia desta Subescala esixa coñecementos, habilidades e aptitudes que deban ser acreditados necesariamente na fase de concurso, nese caso o procedemento de selección será o concurso-oposición.".
Acordo alcanzado na Mexa Xeral de Negociación, do 11 de outubro de 2018, coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da Entidade, de xeito unánime, tense establecido que os procesos selectivos de prazas, correspondentes a acceso libre e recollidas nas Ofertas de Emprego Público, sempre que así se estableza na normativa de aplicación utilizarase preferentemente o sistema selectivo de concurso-oposición.
Motívase e fundaméntase a decisión de acudir ao concurso-oposición nos seguintes aspectos:
a) A valoración da experiencia profesional adquirida polas persoas aspirantes no desempeño das funcións que se corresponden co posto de traballo vinculado á praza que se convoca (xa fora esta adquirida ao servizo da Deputación Provincial de Lugo ou doutra Administración pública, ou incluso en entidades privadas) presupón unha maior garantía dun mellor desempeño do traballo das persoas aspirantes, a igualdade de coñecementos acreditados na fase de oposición, o que redundará en beneficio da organización ao precisarse menor tempo de adaptación aos requirimentos do posto para o seu desempeño eficaz e eficiente.
b) Do mesmo xeito, a formación específica, sexa regulada ou complementaria, previa ao ingreso, relacionada coas funcións e tarefas das prazas que se convocan e do seu correspondente posto de traballo, tamén é beneficioso para o desempeño destas.
C) Grupo/subgrupo e clasificación.
As prazas de Peón/a reparación vías provinciais pertencen a Agrupacións Profesionais (AP) (Disposición Adicional sexta do TREBEP, por remisión do convenio colectivo único da deputación provincial de Lugo).
D) Requisitos de participación.
As persoas aspirantes deberán cumprir os requisitos sinalados no artigo 56 do TRLEBEP e posuír a titulación académica de: de acordo co apartado c) do art. 135, do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril; polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, e coa disposición adicional sexta do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido la Lei do estatuto básico do empregado público (EBEP), non será necesario estar en posesión de ningunha titulación académica oficial.
E) Aprobación da convocatoria e bases.
A convocatoria e a aprobación das bases específicas deberá realizarse por acordo da Xunta de Goberno conforme ao establecido no art. 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.


| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 172/181 |

As bases xerais que rexerán o proceso selectivo son as aprobadas pola Xunta de Goberno, de data 12.03.2021, e publicadas no BOP núm. 101, do 6 de maio de 2021.
F) Cumprimento da legalidade.
O procedemento selectivo:
a) Garante a libre concorrencia así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:
Artigo 55.1 do TRLEBEP: "todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico".
Artigo 55.2 do TRLEBEP: "as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:
a) Publicidade das convocatorias e das súas bases.
b) Transparencia.
c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.".
Artigo 61.1 do TRLEBP: "os procesos selectivos terán carácter aberto, garantindo a libre concorrencia sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas.".
b) Recolle o contido esixido no RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
c) Respectan a porcentaxe máxima para a fase de concurso (40% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo) sinalada respecto da puntuación total que se determina o artigo 56, apartado 3 da LEPG.

5. Proposta de acordo.
Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso – oposición libre, para o ingreso como persoal laboral, na Deputación Provincial de Lugo, nas seguintes prazas vacantes, dotadas orzamentariamente e incluídas na oferta pública de emprego do ano 2023 – apartado segundo refundición prazas ofertas emprego taxa xeral acceso libre anos 2021 e 2022, B. réxime xurídico laboral, B.1 cota xeral (BOP núm. 298, do 30.12.2023):

| Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN | OEP | Nº PRAZA | DENOMINACIÓN PRAZA | Nº POSTO | DENOMINACIÓN POSTO | GRUPO SUBGRUPO | COTA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 3 | 2.023 | 3.343 | Peón/a reparación vías provinciais | 1.640 | Peón/a reparación vías provinciais entrada | AP | Xeral |
| | | 3.342 | | 1.639 | | | |
| | | 3.341 | | 1.638 | | | |

As bases específicas complementarán as bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12 de marzo de 2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

**2º.-** Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.

**3º.-** Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**20.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROLONGACIÓN DO SERVIZO ACTIVO DO XEFE DE SERVIZO DE EXPROPIACIÓNS E CONTROL DE PROXECTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Visto que D. José Antonio Mondelo Rodríguez, nacido o 19 e xullo de 1958, funcionario de carreira da Deputación Provincial de Lugo, titular do posto de traballo de "Xefe/a Servizo II Expropiacións e Control Proxectos, presentou escrito o pasado 28 de marzo de 2025, conformado polo Sr. Presidente desta Entidade, D. José Tomé Roca, no que se propón, á vista das necesidades do Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos, a prolongación de pemanencia no servizo activo por un ano máis.
Tendo en conta que por Acordos da Xunta de Goberno de datas 21 de abril de 2023 e 21 de xullo de 2024, á vista das necesidades do servizo e coa conformidade do

interesado se lle autorizou sendas prórrogas de prolongación, a derradeira, dende o 20 de xullo de 2024 ata o 19 de xullo de 2025.

Tendo en conta que a Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Lugo, o 14 de novembro do 2013, culminou un proceso de negociación cun Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade, que, en materia de xubilación, contén o seguinte texto:

"*Anexo V.*

*Xubilacion do persoal funcionario e laboral.*

A conxuntura económica que estamos a vivir está acelerando un cambio cultural e de mentalidade nos empregados públicos, nomeadamente na toma de decisións referidas ao remate da carreira profesional e á xubilación, debido ao nivel de incerteza e inseguridade sobre a evolución futura do sistema público de pensións de Seguridade Social., como consecuencia das sucesivas modificacións lexislativas habidas nos últimos anos nesta materia.

Así púidose constatar nos últimos tempos unha realidade que mudou a actitude do persoal funcionario e laboral da Entidade, pasando dunha práctica moi xeneralizada de prolongar a carreira profesional, máis alá do cumprimento da idade de xubilación ordinaria, a un escenario máis variable en canto ás expectativas e decisións finais sobre o abandono do servizo activo, acolléndose , en moitos casos, á xubilación anticipada que posibilita a normativa do Réxime Xeral da Seguranza Social.

É nese contexto de cambio no que debe ser xestionado o dereito dos empregados da Entidade a obter unha xubilación digna, trala correspondente carreira de cotización e, asemade, os intereses da organización de contar cun cadro de persoal acaído para o cumprimento dos seus obxectivos de servizo público, baixo os principios de eficacia, economía e eficiencia.

Consonte a este afán de facer compatible a atención ás necesidades e obxectivos da Entidade cos lexítimos dereitos e intereses do seu persoal, establécense os seguintes criterios sobre a xestión da xubilación do persoal funcionario e laboral:

a) Facilitarase a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que cumpra os requisitos e condicións que establece o Réxime Xeral de Seguridade Social para percibir a correspondente pensión.

b) A xubilación forzosa do persoal da Deputación declararase de oficio ao cumprirse a idade establecida na norma legal correspondente.

c) Poderase solicitar a prolongación de permanencia no servizo activo terá carácter excepcional e rexerase, na tramitación, polo establecido na Lei de Función Pública de Galicia. A resolución sobre as solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo serán motivadas aceptando ou denegando a pretensión da persoa solicitante.


| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 175/181 |

En todo caso, a solicitada de prolongación de permanencia no servizo activo, despois da idade de xubilación forzosa, deberá ser aceptada cando o empregado ou empregada, reunindo a capacidade psicofísica para desempeñar o seu posto de traballo:
1) Non reúna os requisitos para ter dereito a pensión de xubilación.
2) Non acredite un período de tempo cotizado para acadar o 100% e teña mingua efectiva na pensión de xubilación por esta causa.
Atendendo á excepcionalidade destes supostos de prolongación do servizo activo, a súa concesión será por períodos anuais, previa solicitude da persoa interesada."

Considerando que, en canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no Acordo xa reproducido, a tramitación das solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria farase de conformidade á normativa derivada da Lei de Emprego Público de Galicia (Lei 2/2015, de 29 de abril; DOGA nº 82, de 4 de maio do 2015), conforme ás previsións recollidas no seu artigo 68.4.

Tendo presente que, á vista do disposto na lexislación xeral aplicable e o previdо no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe destacar os seguintes aspectos relevantes:
a) A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador ou traballadora, condición que opera de tal xeito que, de non producirse esta, deberase declararse a xubilación forzosa de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.
b) A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando a persoa funcionaria ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de Seguridade Social para ter dereito a pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.
c) A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.
d) Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante o ano inmediatamente anterior á data da solicitude.
Á vista de que, polo que fai referencia ao interese e necesidades organizativas, ademais das tarefas habituais de xestión ordinaria, se describen un conxunto de tarefas específicas que é necesario acometer, e que os procesos de substitución necesitan dun tempo de adaptación e adquisición de experiencia. Considerando que están debidamente acreditadas as causas organizativas e funcionais que xustifican a prolongación solicitada pola persoa funcionaria.

Tomando en consideración que no que fai referencia a resultados da avaliación do seu desempeño correspondente ao último período avaliado (1 decembro 2022 a 30 de novembro do 2023) ten acadado unha valoración de Moi Excepcional; e que, segundo

informe dos rexistros do Sistema de Control horario e de presenza, o citado funcionario asiste regularmente ao seu posto de traballo, constatándose unha dedicación horaria superior; sen que exista constancia de absentismo inxustificado no seu expediente persoal.

Á vista de canto antecede e dos informes dos servizos, tendo en conta que a solicitude foi presentada dentro do prazo establecido e que se acreditan a existencia de parámetros obxectivos e suficientes que xustifican a decisión, na miña condición de Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Acceder á pretensión do funcionario de carreira, D. José Antonio Mondelo Rodríguez de prolongar a permanencia no servizo activo, por un ano máis, é dicir, dende o 20 de xullo de 2025 ata o 19 de xullo de 2026, por ser esa a data na que se agarda ter paliado as necesidades que motivan a decisión."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**21.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 97/2025.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

"*Antecedentes*.

A Torre de Caldaloba, tamén coñecida coma Castelo de Vilaxoan ou Castelo de Caldaloba (parroquia de Pino, Concello de Cospeito), tal e como se recolle na demanda de retracto, aténdonse a correspondente lexislación e aos pertinentes rexistros, ten a consideración de "Ben de Interese Cultural (BIC), coa categoría de monumento. Como tal figura no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia e no Rexistro de Interese Cultural da Administración Xeral do Estado.
Correspondía ao longo do tempo e segue correspondendo, como administración responsable última da súa protección, a Xunta de Galiza velar por pola integridade e a conservación do ben que nos ocupa, actuando sobre el ou exixíndollo aos lexítimos


| | IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Fecha y Hora | 16/05/2025 13:27:47 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S27ZON34P3PJYSMNGDYYC5Y | Página | 177/181 |

propietarios. E vai pra máis de 25 anos que se fixo a última intervención e se abandonou o mantemento, protección e posta en valor deste BIC.
A Vicepresidencia da Deputación de Lugo – Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística recolleu en 2021 as inquedanzas da veciñanza e de diferentes asociacións culturais e de defensa do patrimonio sobre a falta de mantemento e de posta en valor da torre de Caldaloba e da súa contorna. Froito destes contactos procedeuse a comprobar que efectivamente o seu estado de conservación era preocupante e que si había dispoñibilidade por parte dos propietarios para facilitar o traspaso ao patrimonio público.
En vista do desdeixo por parte doutras administracións e institucións, sen amosar interese por preservar o BIC relativo á Torre de Caldaloba de tanto valor histórico, simbólico e arqueolóxico, dende a Área de Cultura da Deputación de Lugo tomouse a iniciativa para mercar en propiedade este Ben de Interese Cultural coa finalidade de poder iniciar traballos de restauración e consolidación do mesmo, de cara a súa posta en valor.
Segundo o levantamento topográfico realizado para a adquisición, a propiedade mercada pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo conta cunha superficie de parcela de 19.596 metros cadrados e inclúe a metade da Torre -53 metros cadrados de planta- e o sistema de fosos e contrafosos defensivos escavados no perímetro da edificación. Tamén un pozo artesán de 5 a 7 metros de profundidade e o acceso principal: un camiño rural, pertencente a unha rede de camiños nunha zona de concentración parcelaria, de 160 m de lonxitude, cun tramo duns 2,50 metros de ancho. Todo isto representa moito máis que o expropiado polo concello de Cospeito, o que xera dubidas de que sexa suficiente o expropiado, para garantir a protección do BIC.
Realizada a compra, esta recente notificación do Xulgado foi a primeira noticia que tivemos da Xunta de Galicia desde o 4 de novembro de 2022, cando remitiu á Deputación de Lugo unha comunicación en que anunciaba a súa intención de exercer o dereito de tenteo ou de retracto sobre a compra da parcela e da metade da Torre en beneficio do Concello de Cospeito. Dous anos e medio de silencio na vía administrativa e de evasivas na vía política, que se rompe con este procedemento no xulgado.
Esta situación de silencio impediu a inscrición da compra no rexistro da propiedade; impediu calquera avance na protección, conservación, estudo e consolidación da Torre de Caldaloba (poñendo en perigo incluso a seguridade das persoas que se achegan ata á fortaleza); e impediu acceder as axudas do 2 % cultural que saca o Estado Español. Ao longo do ano 2023, a área de Cultura solicitou á Xunta de Galicia en dúas ocasións permisos de Patrimonio para as mencionadas diferentes actuacións, que non recibiron resposta.
Resumindo, tres anos despois, a Xunta de Galicia leva á vía xudicial un procedemento que se puido resolver pola vía administrativa nos tres meses de prazo que tiña para exercer o dereito de tenteo, ou mesmo no ano de prazo que tiña para exercer o dereito de retracto, que lle atribúe a Lei de Patrimonio de Galicia. Só cabe intepretar esta situación como unha manobra máis para seguir postergando no tempo a obriga de protección e conservación da Torre de Caldaloba, que en realidade, a Xunta de Galicia xa ten desde 1994, cando declarou a Torre Ben de Interese Cultural.

En sesión da Xunta de Goberno de data 29-07-2022, coa finalidade de proceder a adquisición directa da parcela 27015A037003040000SI onde se sitúan os elementos anteriormente descritos, adoptouse o seguinte acordo:

1. Aprobar a adquisición da parcela con referencia catastral 27015A037003040000SÍ e a metade da torre de Caldaloba, de acordo cos títulos de propiedade aportados, coa finalidade de realizar os traballos de restauración e consolidación deste Ben de Interese Cultural.

2. Aprobar o gasto por un importe de 106.000 € e adxudicar este importe a favor de D. Pedro Núñez Trigo e Dna. María del Carmen Núñez Trigo, a partes iguais, realizando o pago, mediante transferencia bancaria, no prazo máximo dos vinte días seguintes á formalización mediante escritura pública, da presente compravenda.

3. Formalizar en escritura pública a presente adquisición, proceder a súa regularización catastral, inscrición no Rexistro da Propiedade e no Libro de Inventario de Bens desta Deputación Provincial.

A citada formalización quedará condicionada á presentación previa, polos vendedores, dos certificados positivos, en relación coas obrigas tributarias e coa seguridade social e á acreditación da notificación á Xunta de Galicia desta transmisión onerosa e a súa contestación ou transcurso do prazo, de acordo do disposto no artigo 49 da Lei 5/2016, de 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia.

En data 21-10-2022 se formaliza escritura de compravenda ante o Notario do Ilustre Colexio De Galicia, Dna. Montserrat Trigo Mayor baixo número de protocolo mil seiscentos setenta e cinco.

En data 19-12-2022 o Rexistro da Propiedade de Vilalba emite resolución de calificación negativa para a inscrición.

Vista a cédula de emprazamento do Xulgado de Primeira Instancia nº 4 de Lugo no Ord Procedemento Ordinario 0000097/2025, promovido pola Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia en exercicio da acción de retracto en relación coa parcela con referencia catastral 27015A037003040000SÍ, e a metade Oeste da Torre de Caldaloba situada na devandita parcela.

Visto todo o anterior, a Deputada delegada de Cultura, propón á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** A comparecencia desta entidade no procedemento xudicial anteriormente referenciado a través dos letrados da Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo.

**2º.-** Dar traslado do devandito acordo á Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**22.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 124/2025-J.**

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte toer:

En relación co Decreto remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, no Procedemento Abreviado 124/2025-J polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade, o expediente do recurso de Procedemento Abreviado nº 124/2025-J seguido a instancia de D. José Luis Pernas Iglesias fronte á resolución de data 17 de marzo de 2025 pola que se desestima a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada en data 24 de febreiro de 2025.

Visto o anterior, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

**2º.-** A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

**3º.-** O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**23.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

*Dacións de conta das sentenzas nº 147/2024 e nº 5583/2024.*

Dase conta da sentenza nº 147/2024, de 20 de marzo, ditada polo Xulgado do Social nº 1 de Lugo no procedemento despidos/ ceses en xeral nº 686/2023, seguido a instancia de D. Baldomero Fernández García, e en cuxo fallo dí o seguinte: "*Desestimo la demanda presentada por D Baldomero José Fernández García frente a la Diputación*

*Provincial de Lugo, absolviendo a la demanda de los pedimientos formulados*". A Xunta de Goberno queda enterada.

Dase conta da sentenza nº 5583/2024, de data 4 de decembro de 2024, ditada pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no procedemento Recurso Suplicación nº 4437/2024, e en cuxo fallo dí o seguinte: "*Desestimamos el recurso de suplicación interpuesto por D. Baldomero José Fernández García frente a la sentencia de 20 de marzo de 2024, del Juzgado de lo Social nº 1 de Lugo, dictada en los autos nº 686/2023, seguidos frente a la Diputacion de Lugo, que confirmamos*". A Xunta de Goberno queda enterada.

**24.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**